

1

Introducción

1.1. SIGNIFICADO E OBXECTIVOS	14
1.1.1. A importancia das Directrices de ordenación do territorio para Galicia	14
1.1.2. O marco legal	15
1.1.3. A sostibilidade nas Directrices	19
1.1.4. Obxectivos específicos	22
1.2. A CONFIGURACIÓN DUN TERRITORIO DIFERENCIADO	26
1.2.1. A diversidade morfoclimática e bioxeográfica	26
1.2.2. As modificacións no uso do espazo	35
1.2.3. Os sistemas tradicionais de asentamento	35
1.2.4. Os procesos de industrialización e urbanización territorial	37
1.2.5. A situación actual	40
1.3. GALICIA HOXE. UN TERRITORIO EN PROCESO DE TRANSFORMACIÓN	42
1.3.1. O sistema de asentamentos poboacionais e a dinámica demográfica	42
1.3.2. Crecemento económico, distribución sectorial, e disposición da base económica	52
1.3.3. Potencialidade rural: unha zonificación diversa	56
1.3.4. Base industrial e desenvolvemento territorial	69
1.4. RETOS TERRITORIAIS NO SÉCULO XXI: PAUTAS PARA GALICIA	77
1.5. UN MODELO TERRITORIAL PARA O FUTURO DE GALICIA	80
1.5.1. Orientacións estratéxicas do modelo territorial de Galicia	80
1.5.2. Galicia, cidade única: cara a un Sistema urbano policéntrico	87
1.5.3. Metabolismo urbano e vectores ambientais	92
1.5.4. O medio rural	96
1.5.5. As infraestruturas	96
1.5.6. O litoral	99
1.5.7. O medio natural	101
1.5.8. O patrimonio cultural	103
1.5.9. A paisaxe	103
1.5.10. A proxección exterior de Galicia e o modelo territorial	104

1.1. SIGNIFICADO E OBXECTIVOS

1.1.1. A importancia das Directrices de ordenación do territorio para Galicia

Nun mundo progresivamente globalizado o territorio convértese, de forma cada vez máis evidente, nun factor que xera oportunidades de competitividade e de calidade de vida para os cidadáns.

A ordenación do territorio é un instrumento que permite preservar e potenciar aqueles elementos de identidade e de diferenciación do territorio e, ao mesmo tempo, xerar novas opcións que contribúan a reforzar o seu atractivo e as súas potencialidades, de cara a favorecer o benestar colectivo da sociedade.

Aspectos fundamentais como o grao de cobertura dos servizos públicos, a calidade dos espazos residenciais, a eficiencia no transporte, o uso racional dos recursos naturais, a preservación e mellora das masas de auga e da paisaxe e a adecuada utilización de ámbitos singulares como o litoral están ligados a unha adecuada ordenación do territorio.

Galicia dótese das Directrices de ordenación do territorio (en adiante DOT), que se recollen neste documento, despois dun longo proceso no que se formularon dous avances e que culmina tras unha fonda análise do territorio e cunha clara vontade política de converter a ordenación do territorio nunha liña estratéxica de acción das institucións públicas.

As DOT xorden con vocación de consenso e de participación dos diferentes axentes sociais na procura dun modelo territorial debatido, recoñecido e de ampla aceptación.

Con estas Directrices de ordenación do territorio Galicia ten a oportunidade de sumarse a aquelas cidades e rexións que, tras recoller a experiencia internacional, asumen que un dos factores que máis contribúen ao éxito dun espazo é dispor dun proxecto de territorio.

As Directrices teñen como finalidade establecer as pautas espaciais de asentamento das actividades, precisando a definición dun modelo territorial para Galicia. Este Modelo identifica cales son os elementos que compoñen o territorio: as rexións e áreas urbanas, as cidades medias, os nodos para o equilibrio do territorio, as infraestruturas, os espazos naturais, as rías galegas, o litoral, o patrimonio cultural, a paisaxe, o espazo agrario e forestal..., e establece que características deben ter, como deben evolucionar e cales deben ser as relacións entre eles. As propostas e determinacións das DOT definen unha senda que seguir e perfilan un escenario de futuro co que se aspira a conseguir un territorio máis integrado, sostible e equilibrado que facilite a renovación e dinamización dos procesos de desenvolvemento económico.

Dispor deste Modelo permite orientar a plasmación territorial das actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial entre si e das referencias territoriais necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia conformando un modelo claro para as accións coordinadas das institucións públicas.

Ademais, o Modelo territorial das Directrices achega criterios e normas para os plans urbanísticos municipais e para os plans territoriais de escala supramunicipal, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e co papel que cada ámbito debe desenvolver nesa estratexia común.

En definitiva, as Directrices propóñense como unha oportunidade de axuste e corrección, de referencia para a coordinación de accións e de impulso coherente dun modelo territorial forte e solvente, capaz de servir a Galicia e á súa cidadanía ante os retos que hoxe se lles expoñen. É un modelo territorial que pretende corrir os desequilibrios territoriais herdados e que ten vocación de procurar o desenvolvemento sostible e da calidade de vida en Galicia, un modelo adaptable e útil para afrontar un futuro que se presenta complexo e cheo de oportunidades que haberá que saber aproveitar.

1.1.2. O marco legal

Co documento de Directrices que aquí se presenta dáse cumprimento ao mandato previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, que establece os obxectivos e instrumentos mediante os cales se desenvolverá a ordenación territorial da Comunidade Autónoma.

O punto de partida da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia foi a Carta Europea de Ordenación do territorio adoptada en Torremolinos en 1983 pola Conferencia Europea de Ministros responsables da ordenación do territorio (CEMAT), que definía a ordenación do territorio como a “expresión espacial das políticas económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade”, e considérasea unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida como enfoque interdisciplinar e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo segundo un concepto reitor. Segundo esta Carta Europea, os instrumentos de planificación territorial deben observar unha política territorial caracterizada polas seguintes notas:

- democrática e participativa;
- coordinadora das distintas políticas sectoriais;
- funcional, de maneira que respecte os valores das culturas rexionais e comarcais;
- prospectiva, é dicir, que tome en consideración as tendencias actuais e o desenvolvemento a longo prazo dos procesos económicos, sociais, culturais, ecolóxicos e medioambientais.

A partir destas premisas, pódese afirmar que a ordenación do territorio se corresponde coas grandes decisións que os poderes públicos adoptan sobre o espazo, decisións que deben ser acordadas e executadas seguindo uns principios e obxectivos determinados.

De acordo coa «Estratexia Territorial Europea», subscrita en Postdam en maio de 1999, as actuacións incardinadas na ordenación do territorio, ademais da

corrección dos desequilibrios territoriais e a procura dunha maior cohesión espacial dentro dos países e das rexións, debe acadar un desenvolvemento socioeconómico sostible, a mellora da calidade de vida, a xestión responsable e intelixente dos recursos patrimoniais, naturais e culturais e a protección e mellora da paisaxe, dentro dunha política de utilización racional do territorio.

Dentro destas precisións conceptuais, debe destacarse a perspectiva doutrinal española que ten caracterizado a ordenación do territorio como unha función horizontal, de competencia das Comunidades autónomas, que persegue integrar as políticas sectoriais con incidencia nun espazo físico determinado. Complementariamente, existirían outras dúas funcións horizontais paralelas: a urbanística e a económica.

As tres funcións horizontais conéctanse cos principios constitucionais: o desenvolvemento económico e social harmónico (art. 40 da Constitución), o dereito a un medio adecuado (art. 45) e unhas condicións de habitabilidade e de vivenda dignas (art. 47). O Tribunal Constitucional, consciente das complexas relacións da ordenación do territorio con outras actuacións públicas, na STC 149/1991, de 4 de xullo, constata, tras examinar a definición disposta pola Carta Europea da ordenación do territorio, que “quen asume, como competencia propia a ordenación do territorio, debe ter en conta para levala a cabo a incidencia territorial de todas as actuacións dos poderes públicos, co fin de garantir desa maneira o mellor uso dos recursos do solo e subsolo, do aire e da auga e o equilibrio entre as distintas partes do territorio”.

Débese incidir, así mesmo, nas vinculacións e diferenzas que existen entre o urbanismo e a ordenación do territorio, funcións administrativas que, xunto coas responsabilidades públicas ambientais, poden cualificarse como interdependentes. Deste xeito, o urbanismo, xeralmente de ámbito local, supón unha función ordenadora do uso do solo e da edificación en sentido estrito, mentres que a ordenación do territorio —de ámbito comarcal, subrexional, rexional ou nacional— relaciónase coa adopción de decisións sobre os destinos do solo e a distribución espacial das actividades económicas e dos equipamentos sociais, coa finalidade de acadar un maior equilibrio territorial, así como da



coordinación e racionalización das decisións que afectan ao territorio.

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, coa finalidade de establecer os obxectivos fundamentais e de crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, e co obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial, regula os diferentes instrumentos de ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as canles procedementais para a súa elaboración e réxime de vixencia, modificación e revisión. Para dito fin crea e regula os seguintes instrumentos:

- Directrices de ordenación do territorio (DOT).
- Plans territoriais integrados (PTI).
- Programas coordinados de actuación (PCA).
- Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (PS).
- Plans de ordenación do medio físico (POMF).

Este catálogo de figuras permite a configuración dun marco territorial global e flexible que dea cabida a actuacións de carácter sectorial ou integradas, sen excluír a posibilidade de arbitrar solucións puntuais alí onde sexa preciso. Ademais as Administracións, no exercicio das súas competencias,

poderán formular programas ou estratexias que, no que se refiran ou teñan incidencia sobre o territorio, deberán ser orientadas en congruencia coas determinacións das DOT, coa finalidade de acadar un desenvolvemento integrado e coherente do territorio galego.

Dentro do conxunto de instrumentos territoriais establecidos pola Lei 10/1995 as Directrices constitúen o elemento central de carácter integrador do sistema de plans e instrumentos en serie que a propia Lei 10/1995 define, e que van desde o xeral até o particular, e desde a concepción global do territorio á acción específica de carácter sectorial. Neste marco as Directrices son o modelo que achega a visión global da ordenación territorial de Galicia servindo como elemento de referencia para o resto das iniciativas, tal como a propia Lei establece: “As directrices de ordenación do territorio configúranse como un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que teñen que constituír o marco xeral de referencia”.

O alcance das DOT e o seu contido corresponderase co establecido para elas pola Lei de Ordenación do territorio de Galicia.

Con data 30 de abril de 2006 entrou en vigor a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (BOE núm. 102, de 29 de abril de 2006) que traspuxo a Directiva



Panorámica da Ría de Ares e Betanzos

2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001. A Avaliación ambiental estratéxica é un proceso de avaliación ambiental que se debe integrar na propia elaboración do plan, de forma interactiva ao longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisión.

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG de 16 de maio de 2007), establece no seu capítulo II os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico obxecto de avaliación ambiental estratéxica tendo en conta o establecido pola citada Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio. Así, no punto a) do seu artigo 6, recóllese que os instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, agás os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal que desenvolvan as previsións dun plan sectorial previamente sometido a avaliación ambiental estratéxica segundo a Lei 9/2006, do 28 de abril, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica. Neste senso, para promover un desenvolvemento sostible, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do planeamento, as Directrices de ordenación do territorio sométense a Avaliación ambiental estratéxica.

De acordo coas disposicións do Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 a proposta do Consello de Europa, recoñécese xuridicamente a paisaxe. A Comunidade Autónoma de Galicia procedeu a regular a materia da paisaxe de conformidade co ámbito competencial establecido nos artigos 27.3 e 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, a través da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Neste contexto, e de conformidade co artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Ademais da normativa citada, as Directrices de ordenación do territorio de Galicia enmárcanse nun extenso contexto legal e de planificación vixente con incidencia no territorio e que se tivo en conta para a súa formulación. As referencias deste contexto figuran recollidas no anexo V.



Río Ulla

1.1.3. A sostibilidade nas Directrices

A. A Estratexia galega de desenvolvemento sostible e a avaliación da sostibilidade como marco para as Directrices de ordenación do territorio

Aínda que se iniciaron os traballos en 1968, foi en 1972 na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Humano, celebrada en Estocolmo cando por primeira vez se recoñeceu internacionalmente a necesidade da protección e mellora do medio pola súa influencia sobre o desenvolvemento económico. Coas mesmas datas de inicio e remate, o Club de Roma publicou o informe *Os límites do crecemento*, coñecido como informe Meadows, no que se chamaba a atención sobre o esgotamento dos recursos naturais da Terra e os límites da súa capacidade. En 1987 a Comisión Mundial sobre Medio e Desenvolvemento das Nacións Unidas presentou o informe *O noso futuro común*, coñecido como informe Brundtland, no que se identifica a relación ou unión entre o medio e o desenvolvemento como o problema central que se debería abordar nas seguintes décadas, e emprégase por primeira vez o concepto “desenvolvemento sostible” que se define como “O desenvolvemento que satisfai as necesidades do presente sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades”.

A Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio e Desenvolvemento celebrada en Río de Xaneiro en 1992, coñecida como o Cumio da Terra, rematou cun amplo acordo intergubernamental que se recolleu en cinco importantes documentos: a Declaración de Río sobre Medio e Desenvolvemento, a Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, a Axenda 21 e o Desenvolvemento dos principios sobre o manexo, a conservación e o desenvolvemento sostible dos bosques.

O sexto programa de acción en materia ambiental, aprobado en xullo de 2002, establece as prioridades da Comunidade Europea ata 2010. Nel faise fincapé en catro ámbitos de actuación prioritarios: o cambio climático, a natureza e a biodiversidade, o medio e a saúde, e a xestión dos recursos

naturais e dos residuos, todos eles en nida vinculación coas posibilidades de intervención dunhas directrices de ordenación do territorio. Coincidentemente, o referido programa propón unha serie de liñas de acción entre as que destaca a de aumentar a integración do medio nas demais políticas, unha transversalidade que afecta a estas Directrices.

O referido sexto programa de acción baséase en sete estratexias temáticas, que responden a un obxectivo de racionalización e modernización consonte ao cal se van abandonando progresivamente os múltiples actos legislativos para substituílos por marcos xurídicos e estratéxicos flexibles. Entre os ámbitos destacan neste caso, en relación directa coas DOT, a contaminación atmosférica, a utilización sostible dos recursos e o medio urbano.

Respecto á Estratexia galega de desenvolvemento sostible, as Directrices de ordenación do territorio redefinen o seu marco conceptual introducindo nela a perspectiva territorial, que é definida na Carta europea de 1983 como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade” e que converte os instrumentos de planificación urbana e rexional nunha excelente ferramenta para avanzar cara á sostibilidade.

Relacionado co anterior e cos ámbitos de actuación prioritaria do sexto programa de acción en materia medioambiental, o Plan marco galego de acción fronte ao cambio climático atopa nas Directrices de ordenación do territorio un dos seus principais aliados, por canto permite contribuír solidariamente a minorar a influencia antrópica sobre o cambio climático e a abordar de xeito integral accións necesarias para afrontar os retos formulados, mediante medidas tanto de redución como de paliación, ben directamente a través das determinacións ben indirectamente a través doutras figuras de planeamento, como o Plan de ordenación do litoral.

A Unión Europea (UE), daquela Comunidade Económica Europea (CEE), introduciu en 1982 o concepto de prevención e a avaliación de impacto ambiental no terceiro programa de acción en materia medioambiental



Panorámica da ría de Muros e Noia dende Porto do Son

(1982-1986). Esta iniciativa tivo o seu principal froito na promulgación da Directiva 85/337/CEE do Consello, de 27 de xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio, completada tras máis dunha década de experiencia pola Directiva 97/11/CE, do Consello, do 3 de marzo, pola que se modifica a Directiva 85/337/CEE, oportunamente traspostas ao ordenamento xurídico das administracións nacionais. Estas ferramentas preventivas, referentes a proxectos, quedaron completas coa Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio, trasposta ao noso ordenamento xurídico mediante a Lei 9/2006 do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas sobre o medio. Este instrumento supón un notable avance na lexislación comunitaria sobre o ambiente e máis concretamente na xeneralización da integración de criterios de sostibilidade nos procesos de deseño e decisión de plans e programas, coñecida

como avaliación ambiental estratéxica. Ten por obxecto promover un desenvolvemento sustentable, acadar un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, mediante a realización dunha avaliación ambiental daqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio.

A Avaliación ambiental estratéxica é un procedemento para avaliar as consecuencias ambientais de plans e programas e asegurarse de que ditas consecuencias se inclúan totalmente e sexan tratadas apropiadamente nas fases máis iniciais da toma de decisións, ao mesmo nivel que as consideracións económicas e sociais. É por iso que estas Directrices de ordenación do territorio teñen incorporada a tramitación ambiental como garantía de contribución ao desenvolvemento sostible de Galicia e da contribución desta á sustentabilidade global.



Río Barosa. Concello de Barro

B. Unha estratexia de sostibilidade para o territorio.

Máis alá da necesaria conservación do noso patrimonio natural, que debe ser considerado como un activo para o desenvolvemento de Galicia, a perspectiva da sostibilidade medioambiental está presente en todos os contidos destas Directrices de ordenación do territorio, penetrando horizontalmente en todas as súas análises e determinacións, co fin de reflectir tanto o noso compromiso pola sostibilidade como o consenso social coa protección do ambiente.

En termos xerais, Galicia vive un incremento das presións que a poboación e as súas actividades de desenvolvemento económico exercen sobre o ambiente, que se manifestan nos diferentes indicadores e que evidencian unha realidade asimétrica entre o litoral e o interior, entre as áreas urbanas e as rurais. As Directrices de ordenación do territorio deben facer fronte a esta situación, propoñendo iniciativas para reequilibrar estes procesos, dende un punto de

vista territorial, mediante a protección das áreas de maior valor ambiental e a recuperación das que teñan sufrido alteracións ambientais significativas, na busca da máxima calidade territorial e a sustentabilidade ambiental.

Segundo as directivas europeas, as políticas de desenvolvemento espacial implícitas nas diferentes figuras de ordenación territorial supoñen, ademais da preparación dos territorios para acoller as actividades económicas e sociais e da redistribución xeográfica dos servizos públicos e as infraestruturas no territorio, a xestión dos recursos naturais e culturais localizados en cada parte do territorio. Deben por iso buscar estratexias e mecanismos de corrección e compensación das disfuncións e asimetrías que a política de conservación poida xerar nos territorios de máis alta naturalidade e interese ambiental. No mesmo sentido deben resolver os problemas que na actualidade presentan os espazos rurais. Así, a ordenación do solo rústico terá en conta criterios básicos como a preservación dos valores naturais e paisaxísticos. E deben, igualmente, establecer criterios que incrementen a sustentabilidade dos procesos de transformación do territorio. Estas son tamén as ideas directoras da filosofía que sustenta a elaboración destas Directrices dende a perspectiva de acadar para Galicia un modelo territorial máis sostible.

Configúranse así as Directrices de ordenación do territorio de Galicia como instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento equilibrado e sostible, en coherencia coa Estratexia territorial europea que, para conseguir un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, propón a cohesión económica e social, a conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural, e a competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

En atención a todo o anterior, as Directrices de ordenación do territorio buscan a combinación da planificación socioeconómica coa física, na procura da eficacia nas tarefas de fomento das actividades, co equilibrio territorial, a protección ambiental, a calidade urbanística, a xestión infraestrutural e a integración unitaria de Galicia. Elaborouse para iso unha proposta na que se conxugaron criterios de homoxeneidade e de funcionalidade, xuntando as liñas básicas da Estratexia territorial europea e da Estratexia galega de desenvolvemento sostible.



Fragas do Eume. Monfero

1.1.4. Obxectivos específicos

Nun contexto de importantes cambios urbanos e territoriais as DOT de Galicia fan súas as tres liñas de acción fundamentais da política territorial da UE: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación entre campo e cidade, a garantía dun acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento, a protección da natureza e do patrimonio cultural, e, en definitiva, o desenvolvemento sostible.

As Directrices parten do coñecemento da realidade territorial, tendo en conta o avanzado ata hoxe na gobernanza do territorio, posto que un proceso coherente de ordenación territorial non debe ignorar ou infravalorar a gran variedade de políticas activadas polas Administracións públicas, hoxe postas de manifesto en gran diversidade de accións sectoriais que tiveron unha incidencia positiva no desenvolvemento do país. Máis ben ao contrario, debe favorecer a coordinación, a cooperación e un respecto institucional efectivos tanto no ámbito interadministrativo como no intraadministrativo e cos diferentes axentes implicados na ordenación do territorio, que son os piares básicos para alcanzar a coherencia desexable.

As DOT, xunto con outros instrumentos como a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e as súas modificacións posteriores, a Lei 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia, o Plan estratéxico de Galicia 2010-2014, o Plan cartográfico de Galicia, o Plan MOVE, etc., deben servir para avanzar cara ao equilibrio territorial desta Comunidade.


As DOT de Galicia ademais de dar resposta aos obxectivos específicos de ordenación e coordinación territorial especificados no artigo 3 da Lei 10/1995, achegan unha configuración e unhas iniciativas territoriais que permitan impulsar o proceso de cambio cara a unha nova etapa de desenvolvemento. Estes obxectivos pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea, potenciando estratexias de liderado apoiadas nesa situación e en relación coas autoestradas do mar, o sistema portuario ou a comunicación coas outras fisterras europeas, e minimizando os riscos marítimos e pasivos ambientais (contaminación, vertidos, etc.) que poidan aparecer.
- Contribuír á consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e da Macrorrexión Galicia-Castela León-Norte de Portugal, e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.
- Fortalecer todos os sistemas de asentamento da comunidade, potenciando as súas funcións, apoiando a súa diversificación, facilitando toda nova implantación ordenada da actividade produtiva, residencial, de equipamento cultural, ocio, lecer, ambiental ou enriquecemento natural.
- Definir ámbitos ou áreas funcionais correspondentes aos espazos que requiren unha ordenación supramunicipal pola singularidade das súas circunstancias territoriais ou ambientais. Estas áreas homoxéneas permi-


tirán estudar polo miúdo cada ámbito particular do territorio e consecuentemente establecer determinacións de ordenación específicas axustadas ás particularidades e condicións socioeconómicas propias de cada zona.

- Establecer as rexións urbanas como marcos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos de ámbitos supramunicipais fortemente ocupados e con intensos lazos funcionais. A súa función é a de optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos e potenciar a súa competitividade no novo sistema europeo de cidades.
- Potenciar as cidades de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís para artellar un sistema policéntrico de entidades urbanas coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.
- Articular a formación de agrupacións voluntarias de concellos para a cooperación supramunicipal, orientada á prestación e xestión en común de servizos colectivos.
- Consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos o conxunto do territorio.
- Favorecer a integración e vertebración da diversidade de espazos que forman a nosa comunidade, tanto internamente, entre si, como respecto aos grandes eixos de desenvolvemento exteriores, ben dos espazos europeos, ben do resto de España.
- Consolidar unha rede de núcleos de pequeno e mediano tamaño con capacidade para asegurar a viabilidade demográfica e a xestión de procesos de desenvolvemento de todos os municipios da comunidade, de forma complementaria e coordinada coa organización funcional comarcal na que se insiran.
- Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- Consolidar a identidade e singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
- Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación.
- Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.
- Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercadorías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global, así como entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, reforzando este como unha das potencialidades de futuro.
- Proporcionar criterios e normas para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais, de Plans Territoriais Integrados e de planeamento urbanístico, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia.
- Achegar referencias para o desenvolvemento do parque de vivendas e dos solos de actividade de forma coherente co modelo territorial, con criterios de sostibilidade, eficacia, calidade ambiental e consumo racional dos recursos.
- Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos e os núcleos rurais.
- Propoñer medidas integrais e transversais coa finalidade de minorar os efectos da crise demográfica e da despoboación das áreas rurais que máis a acusan.

- Establecer orientacións estratéxicas para desenvolver os instrumentos de desenvolvemento rural, así como mecanismos de cooperación e colaboración urbano-rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano, o desenvolvemento rural e a protección de espazos abertos.
 - Establecer criterios de uso do solo rústico que garantan a súa compatibilidade ambiental e as súas potencialidades e impulsen a aparición de novas opcións de desenvolvemento nestes espazos, aplicando o concepto e metodoloxías de “desenvolvemento rural con enfoque territorial”.
 - Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e elevando os niveis de servizo co fin de aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
 - Potenciar as infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada dos grandes centros urbanos.
 - Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.
 - Contribuír a un modelo territorial que teña en conta a potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.
 - Servir de marco de referencia para a posta en marcha de estratexias de desenvolvemento endóxico, valorizando e potenciando os recursos propios de cada contorno territorial e favorecendo a distribución coherente da poboación na totalidade do territorio galego, dándolles un especial impulso aos procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas con menor peso demográfico.
 - Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.
- Fomentar a recuperación e conservación dos espazos fluviais e as súas contornas co obxectivo de mellorar a funcionalidade ambiental, hidráulica e morfodinámica e contribuír á consecución dos obxectivos ambientais marcados polas directivas europeas para as masas de auga de Galicia.
 - Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na Estratexia galega fronte ao cambio climático.
 - Protexer o patrimonio natural, cultural e paisaxístico, así como o sistema rural, sinais de identidade de Galicia, garantindo a súa conservación e establecendo as medidas necesarias para o seu mantemento e mellora, como factores de atracción espacial e fundamentos da calidade de vida, incentivando a súa valorización mediante unha perspectiva territorial organizadora.
 - Preservar as diferentes tipoloxías de paisaxes, pois trátase dun recurso patrimonial e natural incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais da nosa Comunidade.
 - Previr e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.
- En definitiva, estas Directrices configuran un instrumento co que se pretende orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia no territorio, suscitando iniciativas e establecendo normas que serán completadas con instrumentos específicos para ordenar os procesos de desenvolvemento que se dan no territorio.



Sistema de asentamentos





Chairas de Bergantiños. Concello de Santa Comba

1.2. A CONFIGURACIÓN DUN TERRITORIO DIFERENCIADO

O territorio galego destaca pola súa diversidade. Esta hai que póla en relación con elementos, factores e procesos diferenciados: elementos distintos que xorden tanto da propia construción xeolóxica, xeomorfolóxica, climática ou edáfica como da actividade humana plasmada en diferentes xeitos de ocupar o espazo xeográfico; factores que hai que pór en relación coa súa propia situación xeográfica no espacial e periférica no estatal; e procesos que foron mudando ao longo do tempo, mais que sen dúbida produciron e están a producir mudanzas importantes no territorial.

1.2.1. A diversidade morfoclimática e bioxeográfica

O primeiro aspecto que colabora na construción territorial son as formas do relevo, o conxunto de abas que se encadean dun xeito diferencial entre uns lugares e outros. Así fronte ás moitas veces citada idea de que en Galicia domina un relevo vello e desgastado polo paso do tempo, hai que opor a dun relevo contrastado marcado pola dicotomía horizontalidade/verticalidade. A primeira aparece como unha constante tanto nas chairas litorais ou centrais como nos cumes máis altos das Serras Orientais. A segunda faise presente nun amplo conxunto de vales de moi diferente xeometría que se distribúen por todo o territorio. Non só se trata das gargantas do Sil, Miño ou Bibei, senón doutras moitas en todos os sectores de Galicia.

Este contraste entre a verticalidade e a horizontalidade adquire matices diferenciados con relación á altitude existente nos diferentes sectores. Así as chairas de Bergantiños son ben diferentes das da Terra Chá e estas das que se estenden máis aló de Maceda camiño de Manzaneda ou Trevinca, onde aparecen amplos anacos achaiados.

O relevo non é un simple escenario sobre o que se desenvolveron as actividades humanas. É, un factor de primeira orde que inflúe nelas, que

condiciona a actividade das mulleres e dos homes sobre do territorio. Da súa interacción, da actuación directa dos grupos sociais sobre o relevo xurdiron moitas das máis espectaculares paisaxes de Galicia, tanto da costa coma do interior.

Por outra parte a medida que as pendentes son maiores tamén o son os procesos erosivos, de xeito que as propiedades dos solos fanse moi diferentes. Os solos, ademais, están en íntima relación co tipo de rocha ou de formación superficial, que tamén presentan variadas diferenzas ao longo do territorio galego. E, por outra parte, as formacións superficiais son o resultado dunha longa evolución paleoclimática relacionada con diferentes climas, dende os tropicais existentes ao longo do Terciario ata os fríos que dominaron nas fases finais do Cuaternario, por vía de exemplo.

A propia diferenciación xeolóxica, a existencia de bandas de rochas distintas marca en moitos lugares tanto a dinámica do relevo como as paisaxes. Nada teñen que ver os sectores nos que dominan as rochas graníticas, maioritarias na Galicia occidental, daqueles onde abundan as xistosas, caso de boa parte do sector central, ou as lousas, calcarias ou cuarcitas, maioritarias na Galicia oriental. A rocha condiciona os solos mais tamén as paisaxes por mor de vivendas ou construcións adxectivas diferenciadas e, por suposto, de abas que se individualizan no territorio. Baste comparar as paisaxes de calquera macizo granítico, caso do Pindo, Pasarela ou Pena Corneira, con outro no que dominan as rochas xisto-louseñas, caso do Courel, por poñer algúns exemplos, para ver as marcadas diferenzas.

E se o territorio galego se caracteriza por diferenzas de rocha, relevo e, consecuentemente, tipo de solo, outro tanto acontece no climático. A variabilidade climática de Galicia, resultado da súa posición nas latitudes medias, é de suma importancia non só para comprender o clima *per se* senón para ser capaz de entender os porqués das diferenzas bioxeográficas e mesmo da tipoloxía da arquitectura tradicional. Non se debe esquecer que

en Galicia pásase dunhas condicións mornas e húmidas na costa a outras moito máis contrastadas, quentes no verán ou frías no inverno, nas foxas orientais e en moitos vales da Galicia interior. Por outra parte aparecen lugares nos que as precipitacións superan moitos anos os 2500 mm, caso da Serra do Candán, mentres que noutros apenas se superan os 600, como no sector oriental do Val do Sil, por vía de exemplo. Este feito explica, en parte, a diversidade da cuberta vexetal. O mantemento de pequenas manchas de bosque caducifolio, de fragas, na costa atlántica, hai que pólo en relación coas condicións climáticas da costa, do mesmo xeito que os bosques do Courel están asociados cunha maior presenza de Rexión Mediterránea, dende o punto de vista bioxeográfico.



A respecto da cuberta vexetal hai que ter moi presente a intensa explotación do monte por parte dos galegos e das galegas ao longo da historia e, dun xeito fundamental, as modificacións na súa explotación recente, para entender a realidade actual marcada por plantacións de eucaliptos na costa, de piñeiros no interior e de monte baixo en proceso de colonización diferencial por mor do abandono dos campos de cultivo.

Ás diferenzas topográficas, edáficas e bioxeográficas hai que engadirlle a presenza dunha chea de canles de auga, o que hai que pór en relación tanto coa existencia de numerosos nodos de difusión, ou sexa, puntos altos, como dunhas condicións marcadamente húmidas en moitos lugares incluso na Galicia oriental, onde domina a sequidade nos vales e foxas, e a humidade nas zona de montaña, sen dúbida motivadas por unha maior niveosidade.

En síntese pódese afirmar que Galicia é diversa dende o punto de vista topográfico, climático ou bioxeográfico e, por mor da parcelación de todo iso, presenta unha gran variabilidade en relación coa potencialidade dos solos e dos lugares de ocupación.



Hipsométrico



Unidades litológicas

Rochas metamórficas

- Ecloxitas e granulitas
- Gneises
- Anfibolitas
- Xistos e metavulcanitas
- Lousas e cuarcitas

Rochas calcáreas

- Calizas, dolomias e magnesitas

Depósitos cenozoicos

- Depósitos detríticos de idade terciária
- Depósitos detríticos de idade cuaternária

Rochas ígneas ácidas


- Granitoides alcalinos
- Granitoides calcoalcalinos


Rochas filonianas

Rochas ígneas básicas

- Gabros
- Peridotitas e serpentinitas


Faixas e cabalgamentos





Dominios climáticos

- | | |
|--|--|
|  Oceánico continental |  Oceánico húmido con tendencia á aridez estival |
|  Oceánico de montaña |  Oceánico mediterráneo |
|  Oceánico hiperhúmido |  Áreas de transición |
|  Oceánico húmido | |




Rexións bioxeográficas

- | |
|--|
|  Atlántica |
|  Mediterránea |




Paisaxe agraria do Concello de Rodeiro



Rede hidrolóxica

- Tipos de costa
- Cantís con chaira posterior —
 - Cantís convexos —
 - Cantís de remate plano —
 - Cantís de vertente —
 - Cantís de vertente suave —
 - Megacantís —
 - Mesocantís —
 - Sistemas praia-duna e costa antropizada —





Ortofoto PNOA 2007-2008 da Fonsagrada

1.2.2. As modificacións no uso do espazo

A pesar da progresiva urbanización do territorio, en Galicia quedan amplos espazos na actualidade que presentan trazos de estabilidade, ou sexa, áreas que mudaron a un ritmo menor nos últimos 50 anos. Mudaron dun xeito especial polo paso dunha economía baseada na agricultura ou a gandería a outra de actividade de baixa intensidade, con poucas explotacións e, consecuentemente, de abandono do mundo rural. É o caso das serras orientais e surorientais, mais tamén das setentrionais, centrais ou, incluso, de certos sectores da Costa da Morte ou da costa sur, a modo de exemplos.

Nestes lugares nos que a actividade estaba marcada pola gandería ou pola agricultura, cando non por un sistema mixto, vese con claridade como nun sistema tradicional eran os factores topográficos, climáticos e edáficos os que condicionaban a construción diferenciada das paisaxes. A potencialidade agronómica do solo marcaba o seu uso e, en moitos casos, este feito estaba en relación coa maior ou menor pendente das abas ou o grao de presenza da auga. O anterior explica, en parte, unha gran parcelación da propiedade e dos asentamentos. Especialmente as áreas de montaña foron perdendo poboación dende os anos sesenta do século XX, o que se mantén progresivamente, e a mingua das explotacións e a perda de poboación é unha constante. E non só en áreas de montaña asociadas aos lugares, senón tamén nas amplas superficies achaiadas que serven de unión entre as serras e as foxas, como é o caso de boa parte da Fonsagrada, O Incio, os rebordos das foxas de Lemos, A Limia ou Verín e, por suposto, en moitos vales encaixados (agás aqueles nos que o florecemento dos viñedos nos derradeiros anos mantén uns niveis de actividade importantes, porén moito mais baixos que hai 50 ou 60 anos). É o caso da Ribeira Sacra ou do Ribeiro, por citar dúas comarcas, nas que, en calquera caso, a perda de poboación e o abandono de moitos asentamentos é evidente.

Así pois, nunha economía tradicional moi relacionada co valor do uso da terra, o importante era cultivar para vivir e, cando era posible, vender parte da produción. Por contra, nos intres actuais naqueles lugares nos que permanece a actividade agraria ou gandeira o importante é producir para vender. Estase así ante unhas paisaxes totalmente modificadas co paso da actividade tradicional á nova. É o

caso de comarcas da Galicia central, como as terras de Melide, Deza ou A Estrada, nas que os cambios cara a unha explotación gandeira comercial é evidente. Ou de áreas, caso do citado Ribeiro ou a Ribeira Sacra, nas que os viñedos son dunha grande importancia, como é o caso do Salnés. Sen esquecer O Rosal, comarca na que a actividade agraria actual ten pouco que ver coa do pasado.


Non cabe dúbida, pois, de que no paso do valor de uso da terra o valor de mercadoría quede reflectido no paso dunha economía no que o esterco era o resultado da cama do gando e se integraba na propia produtividade a outra na que as explotacións gandeiras están a producir grandes cantidades de residuos que chegan a afectar en moitos lugares os niveis freáticos da auga, igual que sucedeu moito antes en amplas áreas de Francia ou Alemaña.

O resultado de todo o dito é a coexistencia no espazo xeográfico de Galicia de diferentes realidades, en distintas fases de evolución, con problemáticas diferentes.

1.2.3. Os sistemas tradicionais de asentamento

Outro elemento que hai que destacar se se quere entender o territorio galego é o sistema de asentamentos. No pasado, con anterioridade a mediados do século XX, as aldeas estaban en íntima relación cos factores locais. Aparecían asociadas ao sistema de produción existente de tal xeito que nas agras coruñesas asentábanse sempre bordeando os campos de cultivo, mentres que nas áreas de montaña situábanse a media ladeira, a medio camiño entre as faceiras de centeo da parte alta das abas e as hortiñas, que aparecían no contorno das vivendas, e os lameiros, que aparecían por debaixo. A lóxica que nacía da necesidade de aproveitar os recursos ao máximo obrigaba a situar as vivendas alí onde non se destruíra solo para cultivar, nun lugar estratéxico, o que permitía a mobilidade tanto verticalmente, ao longo da aba, como horizontalmente, en relación con outros asentamentos próximos, conformando a parroquia.

A tipoloxía dos asentamentos existentes segue a ser, a pesar dos cambios experimentados co paso do tempo, moi grande. Así, pódese diferenciar entre un hábitat composto por pequenos lugares, distribuídos vertical ou horizontal-



Coberturas e usos do solo

Superficies artificiais

- Zonas de asentamento de poboación e áreas industriais
- Explotacións mineiras a ceo aberto

Zonas agrícolas

- Cultivos anuais
- Viñedo en maioría e cultivos anuais
- Cultivos anuais en maioría e viñedo

Zonas de gandería moderna intensiva e semiextensiva

- Cultivos forraxeiros e especies forestais
- Cultivos forraxeiros en maioría

Zonas de gandería tradicional e de montaña

- Prados en maioría, cultivos anuais e especies forestais
- Pateiros arbustivos

Zonas arboradas

- Eucalipto
- Piñeiro
- Eucalipto e piñeiro
- Caducifolias
- Caducifolias e piñeiro

Zonas de mato

- Mato
- Mato e especies arbóreas

Zonas húmidas e augas

- Praias, dunas, areais, marismas e zonas húmidas e rochedo de costa
- Zonas de auga

0 10 20 30 Km

mente, que domina en boa parte da Galicia occidental, non urbana, ata casas illadas na Terra Chá ou as apiñadas na foxa de Verín. A presenza dunha gran variedade de asentamentos tradicionais con diferentes graos de modificación está presente en Galicia tanto na costa como no interior. Con relación a esta hai que apuntar que foi a existencia de lugares protexidos o que favoreceu a súa instalación, mentres que, pola contra, naqueles lugares que aparecían bordeados por cantís a actividade económica non era moi diferente da que se poida atopar no interior de Galicia. Compárese, por vía de exemplo, unha vila como Corme, a carón do litoral, centrada a súa actividade no mar, cun lugar como O Roncudo, claramente dedicado á actividade agrícola e gandeira no pasado.

Parece pois evidente que na instalación da poboación os condicionantes físicos tiveron unha grande importancia, sen esquecer, como é obvio, a propia dinámica histórica desenvolvida ao longo do tempo. Na súa configuración xogou un papel importante a propiedade da terra e, nas súas diferentes fisionomías, tanto a configuración do relevo como os materiais construtivos dos que se podía botar man, as condicións climáticas e, por suposto, os diferentes tipos de actividade. O resultado aínda se pode comprobar na actualidade: un variado e rico mosaico tanto de tipoloxías de paisaxes como de vivendas e construcións adxectivas, que conforman un dos grandes patrimonios culturais de Galicia.

1.2.4. Os procesos de industrialización e urbanización territorial

Os anos sesenta do século pasado supuxeron o inicio de importantes modificacións territoriais e sociais. As cidades comezaron a recibir poboación ao tempo que a actividade medrou significativamente nalgúns comarcas. É o caso das de Vigo-Pontevedra ou A Coruña-Ferrol e, con posterioridade, Viveiro-Burela. A poboación que ata eses intre se concentraba nos espazos rurais comezou a migrar cara ás cidades, en moitos casos tras o paso pola emigración en Europa. Comezaron a ampliarse os contornos urbanos e a minguar a poboación que habitaba nas aldeas. Progresivamente, nos últimos anos, os espazos rurais foron perdendo poboación; a agricultura e a gandería baseada no policultivo foi dando paso a outras máis especializadas

dedicadas nuns lugares á produción de leite ou carne e noutros á viticultura, horticultura, fruticultura... Deste xeito comezou a redebuxarse o territorio, a diferenciarse non só o urbano do rural senón unhas áreas urbanas doutras e unhas rurais doutras. O eixo Vigo-Pontevedra foise ampliando ao seu redor e introducíndose cara a Ourense, mentres que no da Coruña-Ferrol aconteceu outro tanto, non só ampliando o seu perímetro senón alongándose cara a Lugo. Progresivamente foron medrando as cidades de Ourense, Lugo e Santiago, neste caso tras da posta en marcha do Estado das autonomías.

As cidades medraron, mais tamén o fixeron as vellas vilas e as cabeceiras municipais. Viveiro, Burela, Cedeira, Mugardos, Malpica, Carballo, Muxía, Camariñas, Ribeira, A Pobra, Vilagarcía, Cambados, Tui ou A Guarda poden ser algúns exemplos do litoral, e Vilalba, Sarria, Monforte, A Estrada, O Barco de Valdeorras, Pobra de Trives, Verín, Xinzo de Limia, Allariz, Ribadavia ou A Cañiza, do interior, por ilustrar o que se está a dicir. Progresivamente aumentou o espazo transformado no contorno das cidades e vilas, e cada vez máis campos abandonados fóra deles. Foise construíndo así unha estrutura polinuclear, aberta no medio de espazos rurais con diferentes graos de dinamismo. Apareceron así non só os contrastes urbanos/rurais, senón territorios con mecanismos de evolución e, consecuentemente, con dinámicas diferentes.

O tradicional sistema de parroquias mantívose nos espazos rurais, mais foi desaparecendo no urbano, onde adquiriron amodo maior importancia os barrios, que non sempre coinciden cos vellos límites parroquiais aínda que se manteñan as inercias do pasado en festas patronais ou, nalgúns casos, nas organizacións veciñais.

O anterior obriga a analizar o territorio dun xeito máis complexo; a diferenciar non só entre urbano e rural, senón entre urbano, periurbano, rururbano, rural tradicional con actividade residual, rural tradicional con certa actividade agraria ou gandeira, rural gandeiro..., por vía de exemplo. En suma, un territorio diverso no que aparecen comarcas como O Salnés, O Ribeiro ou O Rosal, que nada teñen que ver co Deza ou Melide e menos cos Ancares ou O Courel.



Vías de comunicación.

- Tren
- Estradas
- Vías de alta capacidade
- outras estradas

Densidade de poboación e ocupación do territorio





Ortofoto PNOA 2007-2008 da comarca do Ribeiro



Ortofoto PNOA 2007-2008 do Courel

1.2.5. A situación actual

Visto o anterior non parece necesario repetir que a principal característica do territorio galego é a súa variedade, froito de tan amplo conxunto de interrelacións por mor de tan diferentes elementos e factores que entran en xogo.

A pesar diso, séguese a falar, dun xeito simplista, das diferenzas entre a Galicia occidental e a Galicia oriental. Non obstante, nin todos os sec-

tores da primeira teñen un alto grao de desenvolvemento económico nin todos os da segunda están sumidos no abandono. Por iso se fai necesario traballar con distintas escalas de análise para entender a devandita multivariabilidade territorial.

Non cabe dúbida de que o territorio máis transformado polos procesos de industrialización e urbanización se sitúa no litoral. Non obstante, no




Ortofoto PNOA 2007-2008 de Melide



Ortofoto PNOA 2007-2008 do Salnés


interior existen outros nos que as modificacións por mor dos cambios cara a unha nova agricultura ou gandería foron igualmente importantes. Posiblemente se se emprega unicamente un concepto cuantitativo na análise, as modificacións foron maiores na costa; porén, se se introducen conceptos cualitativos, as conclusións son diferentes. Por vía de exemplo: A Coruña ou Vigo medraron moi significativamente dende os anos 60 do século pasado, mais algo semellante aconteceu nas comar-

cas do Deza, Melide ou O Rosal. Non só mudaron os contornos urbanos, tamén o fixeron os rurais.



Poboación comparada (millóns de habitantes) por Comunidades Autónomas

Fonte: INE 2009. Padrón Municipal de habitantes.



Densidade comparada (habitantes/km²) por Comunidades Autónomas

Fonte: INE 2009. Padrón Municipal de habitantes.

1.3. GALICIA HOXE. UN TERRITORIO EN PROCESO DE TRANSFORMACIÓN

Asistimos actualmente a unha das etapas de maior transformación de Galicia. A Galicia actual defínese preferentemente polo tránsito cara á modernidade, o desenvolvemento e unha dinámica de renovación e cambio en todos os seus ámbitos. Non obstante, o seu modelo de crecemento dista de ser harmónico en todas as súas facetas, particularmente na territorial. Como moitas sociedades en transformación Galicia presenta fortes desequilibrios territoriais que é necesario corrixir mediante unha nova estratexia de desenvolvemento territorial que teña en conta a situación e a evolución das principais variables socioeconómicas que caracterizan o territorio.

1.3.1. O sistema de asentamentos poboacionais e a dinámica demográfica

Galicia cunha superficie de 29.575 km² e unha poboación de 2.794.796 habitantes, é a sétima comunidade autónoma en tamaño territorial e a quinta atendendo ao volume de poboación. A poboación galega representa o 5,99% de toda a poboación española e só Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana teñen unha poboación superior á de Galicia. Con estes datos Galicia presenta unha densidade global do territorio de 93,7 hab./km², similar á de Asturias ou Cantabria.

A fragmentación dos asentamentos, con máis de 30.000 entidades de poboación que supoñen case a metade de todos os asentamentos españois, é un dos trazos territoriais máis singulares de Galicia.

Os cambios demográficos e económicos acontecidos ao longo da segunda metade do século XX provocaron o tránsito dun modelo de asentamentos rurais baseado nunha lóxica de rendibilización agraria do territorio a outro predominantemente urbano. Este proceso desenvolveuse nun período moi curto e consistiu, esencialmente, na concentración de poboación nas principais áreas urbanas, nomeadamente no eixo urbano atlántico xunto con amplos sectores litorais, en especial as Rías Baixas, o Golfo Ártabro e a Mariña lucense, en menor medida

acompañados das tres capitais interiores e algunhas vilas repartidas regularmente no territorio. Pola contra, o resto do territorio coñeceu unha perda crecente de poboación, que foi moi notable na maior parte dos asentamentos rurais.

Hoxe Galicia é maioritariamente urbana. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2009 o 68% da poboación de Galicia residía en núcleos de máis de 5.000 habitantes.

O sistema urbano galego conta con sete ámbitos que polo seu tamaño e a súa funcionalidade se diferencian claramente do resto de elementos do sistema de cidades. Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Ferrol, Lugo e Pontevedra constitúen os ámbitos centrais de dinamismo e estruturación do territorio. En conxunto, nestas cidades e nos municipios situados nas súas áreas de influencia inmediata vive na actualidade o 57% da poboación galega.

Ao seu peso demográfico temos que unir a importancia das funcións urbanas que desenvolven. A diversidade e o nivel dos seus servizos e actividades económicas en comparación cos restantes núcleos de poboación dan lugar a unha crecente capacidade de atracción destas cidades. Aparece así un sistema urbano polarizado ao redor destas sete cidades que actúan, cunha crecente centralidade, como elementos estruturantes do territorio e que satisfán a maior parte das demandas da poboación en canto a servizos de todo tipo.

Adicionalmente, Galicia dispón dun atractivo conxunto de vilas pequenas e medias que constitúen espazos clave para a integración do urbano e o rural. Nelas coexisten paisaxes socialmente construídas e ámbitos naturais, definindo unha paisaxe característica do noso territorio, de fonda pegada histórica e cultural, pero tamén modificada recentemente nos ámbitos máis dinámicos.

Son cidades moi próximas física e funcionalmente aos principais centros urbanos galegos, o que deu lugar a que presenten niveis de centralidade inferiores aos que lles correspondería polo seu tamaño. Non obstante, a evolu-

ción destes centros foi moi variable, dependendo de factores de localización e accesibilidade, da súa relación coas cidades capitais ou da súa base produtiva. Destacan polo seu tamaño Vilagarcía de Arousa, Carballo, Ribeira, A Estrada ou Lalín. Dada a dimensión urbana que posúen e a importancia das súas estruturas produtivas presentan un importante protagonismo territorial.


Outro grupo de cidades medias corresponde a centros urbanos localizados en posicións periféricas respecto do Eixo Atlántico. Inclúense aquí os núcleos de Ribadeo e Viveiro na Mariña, O Barco de Valdeorras e Verín no oriente ourensán, Sarria e Monforte de Lemos no sur de Lugo e Cee no extremo occidental de Costa da Morte. A súa distancia con respecto ás principais cidades galegas, e en moitos casos a existencia de notables procesos de desenvolvemento endóxeno e o seu éxito en actividades produtivas innovadoras, outórgalles un elevado nivel de centralidade. Salvo Monforte, todas elas presentan crecementos demográficos sostidos e desenvolven un importante papel para a articulación e o desenvolvemento dos ámbitos territoriais máis fráxiles da Comunidade Autónoma.

As vilas costeiras constitúen un caso singular. Aparecen, por unha parte, núcleos nos que diminuíu a súa poboación e o seu protagonismo territorial, como consecuencia da perda de poboación no seu ámbito e a redución das actividades económicas tradicionais. É o caso de Ortigueira, Malpica de Bergantiños e Muxía. En contraste, no ámbito das Rías Baixas aparecen centros cun tamaño urbano, accesibilidade, actividades produtivas e crecente relación cos centros de maior entidade que lles permitiu xerar dinámicas positivas. É o caso de Noia, Ribeira, Boiro e O Grove. Pola contra, outros centros tradicionais acusan a perda de actividades produtivas e a redución das súas funcións urbanas ante a proximidade doutros centros de servizos máis dinámicos. Acontece así en Rianxo, Muros, Porto do Son e A Pobra do Caramiñal.


Outro espazo litoral de desenvolvemento urbano corresponde ás vilas da Mariña lucense, onde ademais das xa mencionadas de Ribadeo e Viveiro, destacan Burela, Cervo e Foz, formando un importante eixo litoral de dinamismo demográfico e económico.

Evolución da poboación de Galicia e España (1950-2009)

Número índice 100 para o ano 1950. Fonte: INE 2009.




Evolución da poboación da Coruña




Evolución da poboación das maiores cidades galegas (1950-2009)

Número índice 100 para o ano 1950. Fonte: INE 2009.


Evolución da poboación de Vigo




Evolución da poboación de Ourense




Evolución da poboación de Pontevedra




Evolución da poboación de Santiago



Evolución da poboación de Lugo



Evolución da poboación de Ferrol






Cultivo de vide na comarca de Valdeorras

No ámbito rural, á reducida poboación destes municipios temos que engadir o seu elevadísimo nivel de fragmentación entre un gran número de asentamentos, o cal reduce a súa capacidade para xerar certos niveis de centralidade e concentración de servizos, poboación e actividade.

Desde unha perspectiva territorial aparecen dous problemas fundamentais. Por unha parte, o risco certo de desaparición dun gran número de entidades, a maior parte das cales se sitúan hoxe por debaixo do límite dos 500 habitantes e carecen de capacidade de renovación da poboación, cunha idade media elevada. Por outra parte aparece un declive de moitas das cabeceiras tradicionais que provían de servizos urbanos básicos estes espazos, e que non foron quen de captar a poboación do seu ámbito rural, aínda que si retiveron a súa propia poboación vilega de partida. É o caso das antigas vilas de Mondoñedo, Becerreá, A Fonsagrada, etc., que pasaron de ser núcleos cun gran protagonismo comar-




Distribución da poboación por idades 2009

Fonte: INE

cal no sistema tradicional a ser núcleos de pequena entidade, pero que manteñen de xeito nítido as súas funcións urbanas e vertebradoras dos territorios que centralizan.

Se analizamos o conxunto dos 315 municipios de Galicia constátase que 81 aumentaron a súa poboación entre 1950 e 2009. Se tomamos un período temporal máis próximo entre 2000 e 2009 este dinamismo poboacional prodúcese en 90 municipios, dos cales 45 corresponden aos ámbitos de influencia inmediata das sete cidades capitais (municipios como Marín, que medra polo dinamismo do seu porto, Mos, Arteixo, Oleiros, Narón, Ames...), 43 son costeiros e 19 poden considerarse espazos de interior, máis desvinculados da influencia inmediata das grandes zonas urbanas.

Ademais desta evolución demográfica desigual do territorio, hai outro aspecto que merece atención, e é o insuficiente saldo vexetativo para



Distribución da poboación segundo o nivel de estudos. 2009

Fonte: INE

garantir a renovación da poboación. Cómpre indicar que no último quinquenio tan só 37 municipios conseguiron un saldo natural positivo (12%), practicamente todos eles pertencentes ao terzo occidental galego (coa excepción tan só de Barbadás, Burela e O Barco de Valdeorras) e localizados no esencial nas periferias das cidades atlánticas, no resto das Rías Baixas e no Baixo Miño. Neste feito inflúe decisivamente o envellecemento poboacional, pois deuse nos últimos anos un importante aumento da poboación maior de 65 anos, e mesmo da que supera os 80 anos, mentres que a porcentaxe de menores de 20 anos se reduciu á metade na última década.


Trátase dun problema estrutural característico dalgunhas rexións rurais europeas fortemente avellentadas, que tenderá a incrementarse nos próximos anos debido ao aumento da esperanza de vida, e ao sostemento de valores de fecundidade baixos, que fan que Galicia presente unha media de tan só

un fillo por muller, menos da metade da cifra que aseguraría a substitución xeracional, e que precisará de varias décadas para corrixirse.

Unha análise das densidades demográficas, sobre todo se se comparan coas que existían a mediados do século XX, fai que se perciba de xeito claro a perda de peso poboacional do territorio galego, en especial nas provincias de Lugo e Ourense, nas que amplas porcións do seu territorio presentan densidades por baixo dos 20 hab./km², e mesmo dos 10 hab./km², manténdose só concentracións notables nas respectivas capitais e en determinadas áreas de urbanización difusa delas (Rábade en Lugo e San Cibrao das Viñas e Barbadás en Ourense), así como nalgúns núcleos vilegos (Sarria, Chantada e Monforte en Lugo; O Carballiño, Ribadavia, Allariz, A Rúa, O Barco, Verín e Xinzo de Limia en Ourense). Pola súa banda, a Galicia occidental non escapa ao retroceso nas densidades, especialmente na metade oriental da Coruña (nas inmediacións da Dorsal montañosa), nas súas comarcas centro-occidentais (Xallas, Terra de Soneira) e nos municipios pontevedreses limítrofes con Ourense, agás os miñotos e Lalín. Porén, as maiores concentracións de poboación prodúcense no Eixo Atlántico e en xeral en toda a costa occidental, chegando a superarse os 200 hab./km² en amplos sectores do Golfo Ártabro, Rías Baixas e no Baixo Miño.

Este breve diagnóstico demográfico non queda suficientemente definido se non se ten en conta a evolución da poboación activa. A poboación activa dáanos unha idea da forza laboral coa que conta unha sociedade para a produción de riqueza. En Galicia, o comportamento da poboación activa é moito máis dinámico que o da poboación total. Desde finais da década de 1990, Galicia gañou case cento cincuenta mil novos activos, alcanzando unha cifra superior ao millón trescentos mil activos.

O incremento sostense no comportamento das provincias máis dinámicas, A Coruña e Pontevedra, que gañaron noventa e cinco mil e oitenta e cinco mil activos respectivamente nestes mesmos anos. No outro extremo temos a perda de poboación activa de Lugo e, en menor medida en Ourense, fundamentada no extremado envellecemento.




Crecemento porcentual da poboación municipal entre 1950 e 2009


Fonte: INE

- > 10
- 5 - 10
- 0 - 5
- 10 - 0
- 15 - (-10)
- < -15

0 10 20 30 Km

Crecemento porcentual
da poboación municipal
entre 2000 e 2009
fonte: INE








Densidade demográfica
por concellos (hab./km²)
INE 2009

- > 10
- 10 - 25
- 25 - 50
- 50 - 100
- 100 - 200
- 200 - 400
- 400 - 800
- 800 - 1500
- <1500

0 10 20 30 Km


Densidade demográfica
por parroquias (hab./km²)
INE 2009





Distribución do Valor Engadido Bruto por sectores produtivos en Galicia e España 2008

Fonte: Contabilidade Rexional de España INE



Distribución provincial do PIB per cápita 2007

Fonte: INE

1.3.2. Crecemento económico, distribución sectorial, e disposición da base económica


A economía galega representa, segundo os datos do Produto interior bruto (PIB), pouco máis do 5% do total español. Nos últimos oito anos o PIB *per cápita* recortou en preto de 8 puntos a distancia coa media de España, situándose na actualidade ao redor do 86% desa media, nunha senda de converxencia coas rexións máis ricas.

A estrutura produtiva de Galicia experimentou unha rápida e profunda transformación nos últimos anos. Fronte ao contexto característico das décadas de mediados do século XX, no que o sector primario e a industria dispoñían dunha grande importancia, deuse paso a unha sociedade de servizos, en liña coas pautas de evolución das economías desenvolvidas. Non obstante, debe camiñarse cara a un decidido apoio á economía produtiva, que sustente os


altos niveis acadados de terciarización económica, para que o desenvolvemento conseguido teña unha adecuada viabilidade futura. Ademais, non debe deixarse de lado a potenciación da economía primaria que atopou novas oportunidades diante da crecente demanda de produtos ecolóxicos e de calidade.

Hoxe o sector servizos ten un peso superior ao 60% en todas as provincias. Pola súa parte as actividades primarias reduciron a súa importancia na economía galega até o punto de que no ano 2008 o conxunto do sistema pesqueiro, forestal e agrogandeiro supuxo o 4% do Valor engadido bruto da Comunidade, aínda que a súa participación no conxunto da economía é significativamente superior dada a vinculación de parte da produción industrial galega con estes sectores.

O proceso de terciarización foi moito máis intenso nas provincias da Coruña e Ourense. Pontevedra, pola súa banda, mantivo un importante peso da actividade industrial e en Lugo o sector primario dobra a media rexional.



Evolución do PIB per cápita de Galicia (2000-2008)



PIB per cápita por Comunidades Autónomas españolas 2008

Número índice España = 100 Fonte: INE

A construción é o sector que maior crecemento relativo experimentou, aínda que está a reaxustarse a súa significación. A expansión desta rama produtiva até finais do decenio de 2000 e a súa importancia na estrutura económica foi un claro indicador do modelo económico existente até a irrupción da fonda crise económica vinculada ao sector inmobiliario, así como dos significativos cambios territoriais acontecidos ao longo da última década, que incidiron nunha intensa ocupación do espazo nas áreas máis dinámicas de Galicia, que as DOT, e o resto de instrumentos de planificación territorial, tentarán revertir cun modelo harmónico e sostible de ocupación do territorio.

O crecemento do sector servizos deuse nas ramas máis produtivas, que xeran maior valor engadido e levan consigo unha transformación estrutural máis importante: servizos financeiros, servizos ás empresas, centros comerciais, servizos persoais de saúde, lecer e cultura. Tamén aconteceu certa emerxencia das actividades turísticas.

Este cambio estrutural levou consigo o aumento da produtividade xeral e a progresiva substitución de actividades. O resultado foi un importante crecemento da economía, no marco da conxuntura favorable dun longo ciclo expansivo, que rematou en 2008, e unha concentración espacial da actividade económica. Hoxe na provincia de Pontevedra atópanse o 40,8% das empresas de Galicia, que achegan o 40% dos ingresos, mentres que a provincia da Coruña dispón do 38,5% das empresas, que obteñen o 47,2% dos ingresos.

Pola súa parte, en Lugo e Ourense sitúanse, en cada unha das provincias, arredor do 10% das empresas de Galicia, con pouco máis do 6% de ingresos en cada caso.

Se esta análise de concentración económica se formula por comarcas conséntase que hai 6 bisbarras que xeran o 76% do Valor engadido bruto de Galicia, que representan o 60% de empresas da comunidade e acaparan



Paisaxe do concello de Laza



Río Tambre. Chaián. Concellos de Santiago de Compostela e Trazo

case o 50% da poboación. Estas bisbarras son A Coruña, Vigo, Santiago, Pontevedra, Ourense e Ferrol. Se engadimos os ámbitos comarcais de Lugo, O Salnés, Valdeorras, O Barbanza, O Morrazo, Bergantiños, Deza, Ordes e Betanzos alcázase o 90% do Valor engadido bruto de Galicia. Nestas quince bisbarras sitúanse o 81% das empresas de Galicia, vive o 71% da poboación e concéntrase case o 88% do emprego xerado en Galicia.

O percorrido por este conxunto de variables socioeconómicas deixa como principal conclusión que en Galicia tanto a dinámica económica como a dinámica demográfica son territorialmente desiguais.

Da dualidade económica e demográfica de Galicia débense desprender necesariamente consideracións duais para a estratexia territorial, xa que as necesidades e os retos das provincias costeiras e das provincias do interior son diferentes.

O desafío é construír unha estratexia territorial que integre nun só modelo as necesidades dos espazos máis dinámicos para seguir crescendo de forma ordenada e actuando como motor de converxencia para Galicia, coas necesidades de dinamización económica e social dos territorios do interior, non só como unha cuestión de xustiza social e territorial, senón tamén como unha cuestión de eficiencia do sistema produtivo de Galicia.

En definitiva, a análise da realidade socioeconómica de Galicia formula que a nova estratexia territorial debe conformarse a partir dun conxunto de actuacións que contribúan ao que se podería denominar dobre converxencia: a converxencia exterior de Galicia coas comunidades máis desenvolvidas, o que implica seguir apostando polas nosas áreas máis dinámicas, e tamén avanzar ao mesmo tempo na converxencia interior, garantindo a cohesión social e o equilibrio territorial de Galicia.



1.3.3. Potencialidade rural: unha zonificación diversa En contra do tópico que asocia Galicia a unha visión fortemente agrícola e pese a seren a agricultura e a gandería unhas das actividades que, polo seu uso extensivo do territorio, conforman parte da esencia do rural, o certo é que tan só a cuarta parte da superficie galega ten unha utilización agrícola, claramente por debaixo da media europea ou española, que en ambos os casos a duplican. Dita actividade presenta unha forte concentración en determinados ámbitos caracterizados por unha especialización produtiva recente no tempo, acontecida a partir dos anos centrais do pasado século.

O modelo agrario galego evolucionou de xeito rápido desde unha morfoloxía baseada no policultivo e no minifundismo, dentro dun modelo de autoconsumo, cara a unha tipoloxía produtiva de carácter especializada en función das características agrolóxicas do territorio e das demandas dos mercados urbanos, aos que está fortemente conectada. Deste xeito, a actividade agropecuaria converteuse nun elo máis da cadea agroalimentaria. Esta lóxica non afecta igual ao conxunto do rural galego, senón que presenta unha incidencia desigual nas diferentes comarcas nas que se pode identificar un uso funcional diferenciado do solo. Esta circunstancia é causa e consecuencia á vez doutras variables básicas do modelo territorial, como a ocupación humana, a paisaxe, a densidade de actividades produtivas, etc.

En Galicia podemos diferenciar aqueles ámbitos gandeiros desenvolvidos pola súa vinculación á terra (necesidade de pastos ou produción de forraxes, evidentemente a propia silvicultura), no que destaca o vacún de leite e de carne, cunha ampla utilización do espazo e diversos niveis de intensificación, daqueles que presentan un predominio de gandería intensiva sen base territorial, e tamén dos que manifestan unha clara vocación agrícola en sectores como o viño e a hortoflor. Estas diferentes orientacións asóciense normalmente á tendencia do espazo agrario cara a outras tipoloxías rurais, nunha transición que, fiel ao continuo territorial, non é brusca senón gradual. En todos eses casos identifícase unha considerable identidade territorial e produtiva, asociada ao forte vínculo da poboación co seu contorno inmediato a través da actividade agraria e coa pegada particular que cada unha destas orientacións deixa na paisaxe, como vestixio aínda vixente do que o sistema agrario tradicional significou para a conformación paisaxístico-cultural do territorio galego.

A especialización produtiva agropecuaria permite a individualización de áreas subrexionais de certa uniformidade pola vocación produtiva. Esta deriva na formación de paisaxes semellantes e de dinámicas de transformación territorial, que cómpre identificar coa finalidade de realizar políticas de desenvolvemento integral do territorio rural.



Costa de Valdoviño

A zonificación rural pasa a depender das características físicas do territorio (pendente, altitude, solo, clima, dispoñibilidade de auga...), do seu posicionamento dentro da estrutura territorial rexional e dos procesos e iniciativas que o groso da sociedade rural foi quen de ir executando ao longo do tempo.

A gandería vacúa, cunha orientación produtiva de leite, é unha das actividades rurais máis significativas de Galicia. O seu desenvolvemento ten xerado paisaxes dominadas pola presenza de forraxes cultivadas en amplas superficies ocupadas por praderías, moitas delas gañadas a antigos espazos dedicados a aproveitamento forestal, de monte baixo e mesmo de cultivos cerealísticos. Estas extensións de pasteiros aparecen salpicadas coas instalacións precisas para o seu desenvolvemento (naves para a estabulación do gando, a muxidura, o ensilado, etc.), que son froito en moitas comarcas dunha recente estrutura organizativa da propiedade da terra vencellada aos procesos de concentración parcelaria. Nas terras centrais de Lugo, na Terra Chá, na Mariña lucense, no Deza ou practicamente todo o interior da Coruña este é o uso dominante. Neste caso estamos diante dunha actividade de tipo familiar, moi intensiva en consumo de imputs para a explotación, cunha crecente mecanización e unha diminución paulatina dos activos agrarios dedicados a esta actividade (sen que se teña reducido a produción, que de xeito parello, e grazas á crecente modernización e automatización de tarefas, se incrementa).

A reorganización da estrutura parcelaria é un dos principais factores de competitividade da actividade, pois posibilita a rebaixa de custos de produción e, tamén, unha mellora ambiental, ao non ser tan necesaria a utilización de fertilizantes e compoñentes químicos que incrementen os rendementos dos cultivos forraxeiros. A integración paisaxística das instalacións gandeiras debe ser unha prioridade, pois as recentes tipoloxías, de gran tamaño, convértese en elementos que destacan, en ocasións cunha débil integración, nas conchas visuais das áreas rurais.

Por outro lado, cómpre destacar dentro do panorama da zonificación rural en Galicia aqueles espazos de débil actividade agraria, nos que se dá un predominio das paisaxes de monte baixo, con masas forestais e terras abandonadas. Na maior parte das ocasións trátase de antigos campos de cultivo de cereais ou forraxeiros que foron abandonados ao mesmo ritmo que as comarcas nas que se desenvolven foron perdendo activos agrarios, ben fose por mor do éxodo rural ou pola xubilación dos campesiños.

Nestas áreas o territorio agrario está en boa medida abandonado e nelas a escasa actividade residual que se mantén está caracterizada polo dominio do aproveitamento gandeiro para o autoconsumo, que é característico das áreas de montaña ou media montaña do país.



A Terra de Montes, as serras orientais lucenses, gran parte do territorio ourensán (coa excepción das depresións e o val do complexo fluvial Sil-Miño), así como áreas próximas á dorsal montañosa, que a modo de espiñazo divide as provincias occidentais das orientais, son os territorios que presentan este tipo de espazo rural, en declive en canto aos aproveitamentos agrogandeiros, en franco despoboamento, e cunha perda acelerada das tradicionais paisaxes agrarias.

Neste caso, as propostas de ordenación e desenvolvemento do territorio enfócanse cara á valorización dos recursos patrimoniais e ambientais, converténdose a protección, ordenación e xestión da paisaxe e a fixación da poboación nunha aposta irrenunciable. A oferta dun espazo de valor convértese no seu principal recurso de cara a un futuro no que achegará ao modelo territorial amplos espazos cunha función afastada dos modelos produtivistas agropecuarios.

No extremo oposto aparecen os espazos de agricultura intensiva e de aproveitamento vitivinícola. Nesta situación aparecen espazos moi variados en características agrolóxicas e climatolóxicas, pero co aspecto común da orientación comercial e industrial dos cultivos e do seu funcionamento claro dentro das lóxicas empresariais de competitividade e calidade para o acceso aos mercados en condicións axeitadas.

Dentro deste grupo aparecen os cultivos de horta e de floricultura, moitos deles baixo plástico, característicos das áreas costeiras, en especial nas Rías Baixas, e en moitos dos vales fluviais con condicións óptimas de irrigación e exposición solar que favorecen microclimas e solos fértiles moi aptos para o seu desenvolvemento. Son áreas dominadas por pequenas explotacións moi intensivas tanto nos cultivos que acollen, con varias colleitas anuais, como en man de obra, en xeral con rendementos elevados.

Nesta categoría aparecen tamén as especializacións produtivas cun único cultivo ou aproveitamento, con rendementos altos pero tamén con problemas derivados dos riscos asociados aos monocultivos (crises por condicións meteorolóxicas adversas durante a floración, crecemento ou na época de colleita; por sobreproducción, coa conseguinte baixada de prezos; por pragas puntuais; etc.). Englóbanse dentro desta tipoloxía as áreas vitivinícolas das Rías Baixas (O Salnés, Baixo Miño e Condado, fundamentalmente), Valdeorras-Sil, Ribeiro-Miño e Monterrei, que xeraron paisaxes agrarias e culturais de gran calidade, beleza e espectacularidade cos cultivos da vide en bancais, dos que quizais o mellor exemplo sexa o da Ribeira Sacra. A aposta pola calidade dos caldos que se producen nestas áreas supuxo o recoñecemento de cinco denominacións de orixe, que son as de Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei. Outras áreas de gran potencialidade, non obstante,



Paisaxe gandeira

viron esmorecer este tipo de aproveitamento, ao non apostar por estes sinais de identidade e calidade ou ao producirse situacións adversas para o seu desenvolvemento (construción de encoros, por exemplo), co que apareceu o abandono dos cultivos e a destrución desas paisaxes ás veces milenarias.

Dentro da categoría dos monocultivos intensivos tamén cómpre citar o caso da pataca, cultivo con moi bo potencial agrolóxico en toda Galicia, pero que pola facilidade para o seu cultivo (concentración parcelaria, planitude do solo, etc.) ten despuntado especialmente en dúas comarcas galegas, A Limia e Bergantiños, polo que xurdiu, para amparar a produción e certificar a calidade do produto cultivado, a Indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia. Trátase de tubérculos moi apreciados nos mercados pola súa calidade, pero que sofren de periódicas crises derivadas no esencial da sobreprodución e sobreoferta no mercado cando as colleitas son boas, e que en certa medida tenta paliarse precisamente con esa marca de calidade que ofrece a Indicación xeográfica protexida.

Son estes, por tanto, os espazos agrarios de maior competitividade, produtividade e potencialidade de futuro, mais debe traballarse tamén na diversificación, para evitar os riscos intrínsecos da dedicación exclusiva a un produto, aínda que este sexa apreciado nos mercados.

O panorama das tipoloxías de produción agropecuaria complétase coa da produción gandeira intensiva, na que destacan os subsectores porcino e avícola, así como en menor medida o da cunicultura. A maior densidade de granxas deste tipo aparece nas dúas provincias orientais, cun gran protagonismo tradicional de Ourense, aínda que áreas do interior de Pontevedra e A Coruña tamén albergan numerosas explotacións deste tipo, pois a súa localización non depende directamente das características naturais do territorio.

A gandería intensiva xera certos problemas ambientais que cómpre corrixir na medida do posible (impacto visual, integración paisaxística, tratamento dos residuos, contaminación por zurras, cheiros, etc.), de xeito que se debe evitar a instalación de novas explotacións nas proximidades dos núcleos urbanos e das entidades de poboación, pero tamén cómpre dar solución ás demandas de asentamento destas explotacións que en ocasións ven comprometida a súa supervivencia polas dificultades para expandirse ou atopar lugares onde se lles permita a localización.

As tipoloxías de aproveitamento económico do medio rural complétanse co aproveitamento forestal e a silvicultura con moito desenvolvemento en determinadas áreas, como as da Mariña lucense, norte da provincia da Coruña, zonas de pendentes pronunciadas próximas ao litoral, ladeiras



montañas das catro provincias, etc. Son aproveitamentos rendibles e que proliferaron grazas á extraordinaria riqueza forestal de Galicia e ao compás do abandono agrario, pois moitos propietarios optaron por este tipo de aproveitamento que require un traballo menos intensivo e de bos rendementos a medio prazo.

A importancia do sector forestal no aproveitamento e uso do territorio de Galicia queda reflectida nas súas cifras, extraídas principalmente do terceiro Inventario forestal nacional (IFN) do entón Ministerio de Medio Ambiente (1998). Así, grazas ás características bioxeográficas presentes, algo máis de 2.000.000 de ha das 2.943.000 ha de superficie total do territorio galego (69%) presentan vocación forestal con formacións arborizadas, abundantes matogueiras e herbáceas.

Dentro da superficie de uso forestal, o conxunto das superficies arborizadas incrementouse nun 36% nos once anos transcorridos (1987-1998) entre o segundo e terceiro Inventario forestal nacional (IFN) ata alcanzar 1.405.000 ha que representan un 45% da superficie total de Galicia. Sobresae o aumento das frondosas e sobre todo o incremento de 158.000 ha na superficie ocupada polas frondosas autóctonas (66,4%).

Existen diferentes aproveitamentos forestais madeiros e non madeiros (fritos, actividade cinexética, resinas, leña, etc.) que constitúen a base da economía de numerosas comarcas rurais do país.

Superficie por tipo de vexetación	hectáreas
Coníferas	506.026
Frondosas autóctonas	375.922
Mestura de coníferas e frondosas	337.008
Eucaliptos	174.210
Frondosas autóctonas + eucalipto	12.285
Total	1.405.451

Os aproveitamentos madeiros representan os de maior volume de produción e importancia. Isto é posible porque os bosques galegos acumulan 133 millóns de metros cúbicos de madeira e medran a un ritmo de máis de 12 millóns de metros cúbicos ao ano.



Explotación forestal



Este crecemento anual achega a clave para coñecer a posibilidade de curta, é dicir, a cantidade de madeira que se pode extraer dos montes sen pór en risco a súa existencia, de acordo cunha xestión sostible. Os datos sinalan (terceiro IFN) que a posibilidade de curta anual é de 10.830.065 m³ e as extraccións anuais ou curtas son dunha media de 6.500.000 m³. Isto quere dicir que a taxa de extracción (o que se corta fronte ao que crece) é do 53,66%, o que indica un aproveitamento de algo máis da metade do incremento anual de volume de madeira, e que a taxa de extracción sostible poderíase aumentar anualmente nun volume duns 4,3 millóns de metros cúbicos de madeira asegurando a renovabilidade dos montes. Se a esta cantidade se lle aumentase o que suporía a reforestación de parte das hectáreas forestais desarborizadas, tense unha estimación real da gran posibilidade de produción forestal de Galicia, sempre baixo criterios de sustentabilidade.

Considerando os datos do clúster da madeira (2008) as cortas anuais de madeira en Galicia para usos industriais representan ao redor do 50% das cortas de toda España, procedendo practicamente o 95% desta madeira de eucaliptos e coníferas. A súa primeira transformación queda en Galicia con destino ao serrado, taboleiros e pasta de papel. Porén o 81% da produción para a industria de segunda transformación consévese fora de Galicia, permanecendo o 19% res-

tante para envases e embalaxes, carpintería e ebanistería, mobiliario e obxectos de madeira e fábricas de papel para a transformación de cartón.

Estas cifras evidencian o carácter estratéxico do sector forestal, tanto para a economía galega, cun 3,7% do PIB de Galicia, como para a cohesión territorial, xerando 16.000 postos de traballo (2,5% da poboación activa) vinculados en gran medida ao medio rural, fundamentais para evitar o seu despoboamento.




Amais dos aproveitamentos económicos directos, os montes son produtores permanentes de bens esenciais para a sociedade como a regulación hídrica, a protección dos solos, o mantemento da biodiversidade ou o equilibrio de gases efecto invernadoiro. Respecto a esta última funcionalidade cómpre remarcar que a riqueza forestal de Galicia constitúe un valioso instrumento para a fixación das emisións de dióxido de carbono (CO₂), e unha potencial fonte enerxética de gran magnitude. Os bosques galegos teñen acumulado un total de 40 millóns de toneladas de CO₂, o que representa o 22% de todo o carbono fixado na biomasa forestal española, seguidos dos cataláns e castelán-leonenses, con máis de 22 millóns de toneladas e un 12% en ambos os casos. No entanto, a capacidade de absorción das árbores varía notablemente dunhas especies a outras, de tal forma que as de máis rápido crecemento son as




Zonas arborizadas

- | | |
|---|--|
|  Castiñeiros |  Eucaliptos e piñeiros |
|  Caducifolias |  Mimosas, piñeiros e caducifolias |
|  Eucaliptos |  Piñeiros |
|  Eucaliptos, piñeiros e caducifolias |  Caducifolias e piñeiros |


Zona de pasteiro arbustivo

- | |
|---|
|  Breixeira pasteiro |
|  Mato pasteiro con rocha |
|  Mato pasteiro |




Zona de mato

- Mato e caducifolias
- Breixeira
- Mato e especies madeiras
- Mato




Zonas de gandería moderna

- Cultivos forraxeiros en maioría, vacún de leite e carne
- Cultivos forraxeiros en maioría, vacún de leite
- Cultivos forraxeiros en maioría, vacún de carne
- Cultivos forraxeiros e mato
- Cultivos forraxeiros e caducifolias
- Cultivos forraxeiros e especies madeiras



Zonas de agricultura e gandería tradicional

- Prados en maioría e cultivos anuais
- Prados, cultivos anuais e castiñeiros
- Prados en maioría, cultivos anuais e mato
- Prados, cultivos anuais e caducifolias
- Prados, cultivos anuais e especies madeiras



Zonas fundamentalmente agrícolas

- | | |
|--|---|
| Prados, cultivos anuais e viñedos | Cultivos anuais |
| Viñedos | Cultivos anuais en maioría e viñedos |
| Viñedos en maioría e cultivos anuais | Viñedos e vexetación forestal |



Marismas do río Esteiro. Concellos de Ortigueira e Mañón

que máis carbono fixan, por exemplo o piñeiro ou o eucalipto, apreciándose un incremento da fixación de carbono do 50% nos montes galegos durante os últimos dez anos.

A política forestal de Galicia foi definida en 1992 no Plan Forestal de Galicia cun horizonte de 40 anos. Este plan contempla os obxectivos da ordenación do territorio forestal considerando a súa multifuncionalidade ecolóxica, social e produtiva, incluíndo para estas últimas ás previsións de produción e aproveitamento para a creación dun sector forestal competitivo e sustentable desde o monte á transformación e comercialización.

No que se refire á ordenación do territorio forestal, Galicia conta cun 9,8% da superficie forestal ordenada, cifra que parece moi baixa, pero que debe contemplarse co prisma do grave problema estrutural que prexudica a mellora dos bosques, os rendementos da produción forestal e a aplicación de criterios de ordenación de maneira individualizada: a estrutura da propiedade. Se hai un dato característico dos montes galegos desde o punto de vista da propiedade, é a enorme fragmentación que presenta. Segundo as estatísticas de Catastro, hai máis dun millón e medio de parcelas forestais en Galicia.

Así, dependendo da titularidade, dentro dos montes galegos poden distinguirse tres grandes grupos: os de titularidade pública (algo menos do 3% do total), os de particulares (case o 68%) e os de comunidades veciñais en man común (case o 30%), unha figura xurídica identitaria de Galicia que xestiona os usos do monte de maneira comunitaria entre os comuneiros e que ten sido un estímulo para a potenciación do aproveitamento forestal ao facilitar unha xestión conxunta.

Esta elevada atomización da propiedade inclúe entre as súas consecuencias últimas o agravamento da ameaza dos incendios forestais, que sitúa Galicia como a Comunidade na que se xeran o 50% do número total de incendios que se producen en España.

De todo iso derívase que o aproveitamento forestal do monte galego é unha actividade que hai que potenciar por constituír unha fonte de recursos reno-

vables endóxenos, que asemade alimenta unha actividade secundaria relacionada tamén co medio rural. Para iso, cómpre emprender accións políticas encamiñadas a favorecer o redimensionamento da explotación forestal, o cal permitirá aplicar criterios de ordenación e xestión integral. Estes criterios serían adaptados ás necesidades e características de cada ámbito co emprego das especies axeitadas en cada caso e de forma que se asegure a permanencia das masas forestais e mellore o conxunto das múltiples funcións que o monte desempeña, logrando un monte que produza a máxima renda compatible coa súa conservación, sen que iso poida afectar negativamente ao aproveitamento no futuro.

a. Función ecolóxica: o labor de conservación do monte é un aspecto fundamental, xa que incide directamente sobre a flora e fauna silvestres e é soporte da biodiversidade asociada. Ademais o monte contribúe á conservación dos solos e regula o ciclo hidrolóxico, aspectos vitais na bioxeografía de Galicia. Ademais, os bosques teñen unha enorme capacidade de fixar carbono e son liberadores de osíxeno no seu proceso de fotosíntese, contribuíndo positivamente na mitigación do efecto invernadoiro.

b. Función económica: o monte é xerador de diversos recursos madeireiros e non madeireiros. A madeira constitúe unha fonte de materia prima para o ramo da industria de primeira de transformación e dentro dela o sector do serrado forma un tramado moi estendido por toda a xeografía galega de pequenas empresas soporte de zonas rurais. Os froitos, as leñas, a cortiza, a resina e a caza son exemplos de recursos non madeireiros. Estes aproveitamentos directos complementáanse con outros asociados a el, como son os cogomelos e trufas, as plantas aromáticas, medicinais e condimentarias e a apicultura. Para rematar, a gandería vinculada a sistemas silvopastorais ou á devesa é tamén un aproveitamento mixto de vital importancia e, en moitos casos, a principal fonte de ingresos para o propietario do monte.

c. Función social: o monte xoga un papel social e cultural na sociedade galega. A demanda de entretemento e lecer nos montes periurbanos aumentou notablemente nas últimas décadas, o que esixe que se teña en conta na súa

*Explotación gandeira*


planificación. Por outra banda, en moitas comarcas rurais do noso país existen numerosas tradicións históricas e culturais que van ligadas da man do bosque, o que sen dúbida enriquece o seu papel social.

O futuro do medio rural en canto á súa pontencialidade produtiva demanda unha política de terras activa, co que ten en gran medida vixencia a necesidade de manter e reforzar accións de reforma estrutural e de xestión de terras, coa finalidade de consolidar a competitividade dos sectores agrario, gandeiro e forestal. Entre as medidas que hai que adoptar deben figurar instrumentos en materia de xestión de terras ou reforma de estruturas que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como poden ser o Banco de terras ou outros baseados no fomento da agrupación ou asociación de propietarios particulares ou das mancomunidades de montes veciñais en man común existentes. Asemade, a xestión do binomio agrogandeiro-forestal é fundamental, sobre todo naquelas zonas de maior aptitude e vocación agrícola, cuxa conservación se converte en estratéxica. Cobran forza, tanto dende o punto de vista das oportunidades como das ameazas, a xestión dos residuos agrogandeiros e de produción e consumo de enerxía no sector, así como a xestión racional

da expansión dos cultivos enerxéticos, ademais da importancia de acadar unha diversificación das actividades económicas que faga estas zonas rurais máis resistentes ante cambios conxunturais. En relación co anterior, algúns destes espazos presentan un significativo potencial como polos de atracción para novos habitantes, debido á súa calidade paisaxística, accesibilidade e nivel axeitado de dotacións e equipamentos.

Todo isto débese compaxinar cun apoio decidido das administracións competentes pola aposta de produtos de calidade, vencelladas tanto ás características xeográficas de áreas específicas, ás denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas, como aos cada vez máis demandados produtos de calidade elaborados mediante métodos sustentables.

Outro factor que hai que ter en conta na ordenación territorial é a existencia dunha considerable porcentaxe de terras abandonadas, o que á parte da perda de calidade paisaxística pola súa deshumanización, implica un alto risco ambiental, vencellado aos incendios forestais, e que manifesta ademais unha xestión pouco eficaz e unha infravaloración dos recursos existentes.



Principais áreas industriais e empresariais

-  portos
-  aeroportos
-  espazos industriais e empresariais

1.3.4. Base industrial e desenvolvemento territorial

Galicia é un territorio de industrialización tardía, malia a existencia de singulares e pioneiras iniciativas de industrialización no pasado. Non será ata o ano 1960 cando a industria se converta nunha variable básica para a interpretación das dinámicas espaciais cunha múltiple incidencia nos eidos poboacional, económico, paisaxístico e ambiental.

Na segunda metade do século pasado identifícanse dous modelos fundamentais de desenvolvemento da actividade industrial. O primeiro ten que ver coa transformación de actividades tradicionais, moitas delas de longa subsistencia artesá, en unidades fabrís de produción, en sectores como o da madeira, o téxtil, ou o vencellado ás actividades extractivas mariñas, entre outros. Este tipo de procesos tiveron especial incidencia nos pequenos núcleos urbanos onde se desenvolveu con éxito a actividade fabril (Carballo, Lalín, Xinzo de Limia, Verín, O Barco, etc.). O segundo relaciónase coa implantación no país de industrias de procedencia foránea, vencelladas coa acción do xa desaparecido Instituto nacional de industria (INI), ou de capital privado, mesmo multinacional, que tiveron unha presenza significativa nas grandes cidades costeiras (Ferrol, A Coruña-Arteixo e Vigo-Porrriño) moi vinculadas á industria naval, automobilística, enerxética e conserveira, así como en enclaves vinculados a un recurso concreto ou a unha vantaxe locacional, como poden ser os lignitos en Meirama e As Pontes, a Alúmina-Aluminio en San Cibrao, o cemento en Sarria ou as agroalimentarias nas proximidades de Lugo e Ourense.

Na actualidade a industria emprega unha porcentaxe non excesivamente significativa da base laboral galega, un 15,7% da poboación ocupada, segundo datos da Enquisa de poboación activa (EPA) do primeiro trimestre de 2010. Se ben, de xeito indirecto ten sido a clave que explica en gran medida a configuración actual do sistema de asentamentos e serve de soporte para un gran número de actividades terciarias que desenvolven a súa actividade a partir da súa existencia.

A industria mantén unha íntima relación cos espazos e lugares nos que se asenta. No caso galego unha gran parte dela susténtase na existencia de re-

ursos territoriais, tanto dos de carácter natural, susceptibles de transformación e comercialización, como dos de carácter laboral e social, relacionados cos baixos custos salariais no pasado e coa capacidade de emprendemento e de formación de capital humano no presente e no futuro.

Os acondicionamentos infraestrutural e dotacional do territorio son tamén variables explicativas de primeira orde. A rede viaria e de transportes, o abastecemento enerxético e de sistemas de abastecemento e saneamento de auga, ou o acceso ás novas tecnoloxías da comunicación son, entre outros factores, elementos esenciais para calibrar o potencial de desenvolvemento industrial. Aos anteriores aspectos débense engadir as esixencias da presenza de solo urbanisticamente cualificado e urbanizado a tal efecto.

Pola súa parte, a industria ten incidido de xeito moi notable na creación e concentración de emprego, e por extensión de poboación, nas inmediacións das súas unidades produtivas. Tal situación converteuse nas últimas décadas en elemento fundamental no desenvolvemento do sistema de asentamentos, ata o punto de que a actual estrutura territorial de Galicia explícase en gran medida a partir da localización industrial. Ten tamén unha incidencia ambiental e paisaxística significativa, traducida na meirande parte dos casos nunha liña de degradación que cómpre minimizar no futuro. Ademais, e no tocante á súa localización concreta, a industria condiciona a mobilidade e a conectividade intraurbana, así como moitas das escenas urbanas nas que se sitúa.

A. Recursos e especializacións produtivas

Agroalimentaria

No tocante á industria derivada da transformación dos recursos endóxenos, débese salientar a importancia que acada en Galicia o sector agroindustrial. Neste caso o vencellamento coas actividades produtivas do medio rural é significativo. Destacan as empresas de transformación lácteas, situadas nas comarcas gandeiras do centro de Lugo, especialmente no eixo da N-VI Lugo-Vilalba, e nas terras centrais da Coruña. Tamén nas bisbarras vitiviní-

colas do Ribeiro, as Rías Baixas, o val do Sil na Ribeira Sacra e Valdeorras e a área centro-oriental ourensá (viños de Monterrei) contan cun incipiente sector industrial de empresas transformadoras e embotelladoras, moitas delas de propiedade cooperativa, que impulsan o conxunto da actividade.

Este é un sector que, exceptuando as grandes plantas situadas en eixos viarios próximos ás principais cidades, se caracteriza pola dispersión das unidades fabrís polo territorio, buscando a proximidade á fonte de materias primas. Esta circunstancia dificulta a consolidación de sinerxías que reforcen a súa competitividade e o seu potencial de desenvolvemento. A súa dispersión tamén repercute no ordenamento territorial dificultando as posibilidades de regulación urbanística e a capacidade de inserir medidas de mellora ambiental. Porén, son actividades estratéxicas que se deben coidar e regular, pois favorecen en gran medida a fixación de poboación, a aparición de actividades terciarias derivadas e a estruturación territorial, en especial cando están situadas en comarcas afastadas das grandes áreas de concentración demográfica do corredor litoral.

Recursos minerais e xeolóxicos

Un sector esencial para o desenvolvemento, fortemente arraigado na sociedade galega e moi vinculado ao territorio, constitúeo o aproveitamento dos recursos minerais e xeolóxicos. Este sector, cunha numerosa representación na Comunidade pola gran riqueza xeolóxica do subsolo, supón unha importante fonte de emprego, particularmente no medio rural e en comarcas con escasos recursos doutro tipo, e unha significativa achega ao Produto interior bruto.

As características propias da actividade, desenvolvida neste territorio esencialmente a través de explotacións ao descuberto, implica unha afectación sobre o medio natural que, nos últimos anos, se tentou corrixir e comprometerlo o menos posible coa aplicación de medidas baseadas nas mellores técnicas dispoñibles e coa esixencia de rehabilitación do espazo afectado simultaneamente á fase de explotación.

Hai que sinalar que a particular distribución destes recursos naturais leva a unha especialización zonal moi clara. A actividade máis destacada é o aproveitamento da pedra natural, fundamentalmente granito e lousa, que xerou potentes centros de produción nas inmediacións do Porriño e de Carballada de Valdeorras. Pero ademais, o rico potencial xeolóxico do territorio fai posible o aproveitamento doutros recursos minerais como a anfíbolita, arxila, area silíceo, arenisca, calcaria, caolín, cuarcita, cuarzo, feldespatos, magnesita, serpentina e dunita, así como recursos xeotérmicos cuxo aproveitamento constitúe unha fonte de enerxía alternativa, non contaminante e renovable. Tamén existen reservas de minerais como volframio, ouro, cobre, piritas arsenicais, estaño, antimonio, chumbo e zinc, cuxa explotación na actualidade está condicionada á súa rendibilidade.

Así mesmo, Galicia é privilexiada pola riqueza e diversidade das súas augas minerais e termiais pois no contexto galego a xeoloxía atópase intimamente relacionada coa presenza, localización, composición e facies hidroquímica dos mananciais hidrominerais. A repercusión económica e social do aproveitamento das augas minerais e termiais ten unha grande importancia e unha ampla tradición na Comunidade.

A solución aos actuais problemas que condicionan o desenvolvemento deste sector, de gran potencial, fai imprescindible articular directrices que permitan compatibilizar o necesario aproveitamento racional destes recursos coa esixencia de protección do medio e conservación do espazo natural, mellorando a súa integración ambiental e paisaxística.

Madeira e moble

Un sector transcendente dentro da industria galega é o da madeira e o moble. O sector forestal galego, coa súa gran capacidade de produción, alimenta a industria da madeira e do moble, de xeito que a súa potencialidade económica fai da cadea da madeira un dos piares produtivos estratéxicos da economía galega, que conta cun dos clústeres máis activos e que asemade o seu desenvolvemento industrial ten lugar principalmente en zonas rurais.

En Galicia prodúcese a metade da madeira que se corta en toda España cun volume que rolda de media nos últimos anos os 7 millóns de metros cúbicos anuais. A metade aproximadamente desta madeira é de coníferas (3,5 millóns de metros cúbicos), e o seu destino é nun 65% para serradoiros e un 35% para fábricas de taboleiros, mentres que o eucalipto destínase para taboleiros (32%), pasta de papel na Comunidade (37%) e mándase en rolo para pasta de papel de fábricas de fóra de Galicia (30%).

En canto á elaboración, na primeira transformación Galicia ten un gran potencial cunha produción de taboleiro do 70% do total de España, e unha produción importante de pasta de papel libre de cloro, cun subsector de serrado moi importante, aínda que en grave crise.

Como produtos finais da 1ª transformación, en 2008 en Galicia obtivéronse 1,92 millóns de metros cúbicos de madeira serrada (o 82% de coníferas), 1,76 millóns de metros cúbicos de taboleiros (o 52% de MDF) e 410.500 t de pasta de papel libre de cloro.

Galicia conta con empresas punteiras e líderes a nivel internacional no serrado e na liña de elaboración de taboleiros, en especial nos fabricados con fibras de eucalipto, fortemente xeradoras de emprego.

Á súa vez, a industria do serrado de madeira é tamén moi importante polo seu grande espallamento territorial e a súa función de creación de emprego en lugares de escasa potencialidade económica, existindo por riba de 350 serradoiros na Comunidade Autónoma. Atravesa por dificultades serias debido á súa atomización, á escasa formación técnica dos seus traballadores e á antigüidade das súas instalacións, pero sobrevive cunha función de vertebración económica e territorial indiscutible.

O ciclo da madeira péchase na 2ª transformación coa elaboración de produtos destinados ao consumidor final: envases e embalaxes, carpintaría e ebanistería, mobiliario, obxectos de madeira e papel, cartón e derivados. Actualmente só un 20% da madeira serrada en Galicia, un 22% da produción de

taboleiros, e un 2% da pasta de celulosa sofren posteriores transformacións na cadea da madeira de Galicia. Neste sentido, aproximadamente o 81% da produción da industria da 1ª transformación consévese fóra de Galicia. Asemade, nunha gran medida este sector abastécese de madeiras que non se producen e é moi difícil producir en Galicia, aínda que cada vez máis, como é o caso do eucalipto, vanse atopando novas técnicas de serrado e secado que descubren novos destinos cun gran potencial.

Con todo, o subsector do moble, ebanistería e elementos variados do mobiliario conta co maior número de empresas, a gran maioría de pequeno e mediano tamaño, nun 90% dos casos con menos de dez empregados. Este subsector presenta unha gran dispersión territorial que favorece que sexa unha industria cunha alta penetración e transcendencia social e económica. Malia esta dispersión, hai tres centros que actúan como cabezas indiscutibles desta rama industrial, que podemos cualificar como capitais do moble galego: A Estrada, Sarria e Ourense, onde se xeran claros subsistemas produtivos locais cunha alta concentración de empresas dedicadas á transformación da madeira.

Cómpre recalcar que debe potenciarse o ciclo completo da madeira en Galicia, o cal se verá favorecido polas posibles medidas de xestión de terras e de mellora da competitividade da produción forestal e as liñas de I+D+i relacionadas co sector.

As industrias do mar

É a industria por antonomasia de Galicia. As primeiras aventuras industriais, á marxe dalgúns casos puntuais como Sargadelos, estiveron vencelladas ao mar, xa fosen para o salgado e conservación de peixe ou para a construción e reparación de buques. Así, a industria conserveira conta cunha gran tradición e podemos encontrar exemplos de localizacións en toda a costa, aínda que cunha presenza máis notable nas Rías Baixas e na costa Ártabra. Viviu unha reconversión importante nos últimos tempos, pero soubo adaptarse en xeral con éxito ás novas condicións do merca-

do e á dura competencia internacional. Esa longa existencia leva a que moitas das súas localizacións acadasen cotas de centralidade moi altas en núcleos urbanos costeiros, o que en ocasións xera disfuncións que deben solucionarse.

Outro subsector transcendental, ben dimensionado e puxante en Galicia, é o da transformación e o conxelado do peixe, cun gran centro en Vigo, pero significativo tamén en todas as Rías Baixas, no Golfo Ártabro e na Mariña lucense. Xera unha ocupación laboral moi significativa, tanto en empregos directos como inducidos, e favoreceu un importante desenvolvemento empresarial.

Pola súa banda, as empresas dedicadas á construción naval teñen tamén unha longa tradición en Galicia e continúan a ser unha das grandes fontes de emprego industrial, non só directo senón tamén indirecto, pois impulsan de xeito decidido a industria do metal e outras auxiliares. Existen empresas de todos os tamaños, moi competitivas nos diferentes mercados nos que traballan e teñen moita importancia no desenvolvemento territorial das comarcas nas que se asentan. Os estaleiros adoitan ocupar áreas portuarias e fronteiras marítimas de núcleos urbanos, con evidentes problemas de integración urbana, pois rachan a conexión das urbes e da cidadanía coa liña de costa. Ademais xeran en non poucas ocasións rupturas visuais en relación co mar.

É por iso que debe potenciarse, cando as circunstancias o permitan, o traslado dos procesos industriais das actividades conserveira e de construción naval a áreas máis idóneas, de xeito que se favorezan tanto a renovación e rexeneración urbana e das fronteiras marítimas como a recuperación destes espazos para os habitantes dos núcleos nos que se asentan, coa introdución de novas funcións relacionadas co ocio, a cultura, os deportes náuticos, etc.

Automoción e derivados

A industria da automoción en Galicia parte de finais dos anos 1950, cando Citroën decide localizar unha planta de produción acolléndose aos beneficios

da Zona Franca de Vigo. Dende entón esta empresa conseguiu converterse nunha das principais fontes de recursos económicos e emprego para esta cidade do sur da comunidade e para toda a súa área urbana, na que aparecen diseminadas en varios polígonos industriais un rosario de empresas auxiliares que fornecen de pezas e compoñentes a industria automobilística e favorecen o desenvolvemento dun tecido socioeconómico vital na comarca.

O sector do automóbil é estratéxico para a Rexión urbana de Vigo e para o conxunto de Galicia; é por iso que xurdiu o clúster de empresas de automoción de Galicia, transformado posteriormente en fundación, á que pertencen máis de 80 empresas, coa misión de levar adiante o Plan estratéxico do sector da automoción en Galicia, que se basea na cooperación sectorial, co obxectivo de mellora permanente en calidade, custo e competitividade. Esta integración favoreceu a incorporación de novas compañías á estrutura empresarial galega e desenvolveu proxectos de gran valor estratéxico, como o Centro tecnolóxico de automoción de Galicia, con importantes investimentos en I+D+i.

Non obstante existe unha imperante necesidade de regularizar o sector de cara a favorecer a súa competitividade actual e futura, ademais de lograr novas dotacións de solo empresarial para ofrecer as mellores condicións para a localización de novos procesos fabrís ás veces dificultados pola situación urbana das actividades de produción.

Industrias de enclave

En Galicia contamos tamén con grandes empresas que podemos denominar de enclave, vencelladas a un recurso ou a unha localización determinada que responde ás lóxicas clásicas da localización industrial (existencia de man de obra, do recurso, de vantaxes de localización en relación ás vías de comunicación ou do medio de transporte, etc.). En xeral pertencen ao grupo coñecido como industria pesada, que xera volumes de emprego considerables pero que tamén ten efectos perniciosos sobre o medio e un forte impacto paisaxístico dado o seu gran tamaño e a degradación dos espazos próximos.

Son os casos da produción de aluminio en San Cibrao no concello de Cervo, a celulosa na Ría de Pontevedra, a refinería na Coruña, as cementeiras como a de Oural en Sarria, ou outro tipo de industrias como as centrais térmicas de Meirama e As Pontes, as siderúrxicas e químicas no Barco de Valdeorras, en Dumbría, Cee e Sabón, etc.

O seu potencial contaminante, malia o cumprimento da lexislación vixente, aconsella incidir na necesidade de lograr unha mellor integración ambiental, visual e paisaxística, para minimizar os seus efectos negativos sobre o medio e sobre a calidade de vida dos residentes nas súas proximidades.

Confección e moda

É indubidable que o sector da confección e moda é o que deu as maiores cotas de penetración internacional á economía galega. Ademais das empresas máis relevantes deste ramo da moda, existe un tecido productivo composto por multitude de PEMES especializadas con marca propia, moi flexibles e ben adaptadas ás esixencias do mercado que as fan altamente competitivas no complicado panorama empresarial actual internacional.

A industria de confección foi tradicionalmente unha actividade moi dispersa polo medio rural galego, fundamentalmente ocupando o segmento feminino, con traballo moitas veces desenvolvido en pequenos talleres que funcionaban como cooperativa, pero entrou en decadencia e acabou por desaparecer cando xurdiu a deslocalización das actividades de fabricación neste sector cara a países con salarios máis baixos. Non obstante, o emprego e a actividade produtiva do téxtil conseguiron manterse en núcleos urbanos e vilegos, onde se están a desenvolver as fases do proceso de produción de maior valor engadido (innovación, deseño, realización de patróns, dirección, etc.).

As principais localizacións da industria téxtil en Galicia aparecen na Área urbana da Coruña, Ordes, Lalín e Ourense. Estes enclaves non responden a unhas lóxicas de localización estritamente relacionadas con factores estratégicos de situación, senón a outros máis relacionados con feitos intanxibles



Parques eólicos no Barbanza

como a existencia dunha cultura empresarial emprendedora, factores de imitación por proximidade, etc.

Será fundamental rendibilizar a xa creada imaxe de marca da moda de Galicia e a proxección internacional de certas firmas para lograr unhas cotas de crecemento adecuadas no futuro inmediato, que permitan manter e mesmo incrementar o emprego e a creación de novo tecido productivo nas comarcas onde se asenta esta rama industrial.

Novas tecnoloxías

As novas pautas da industrialización, con aplicación de tecnoloxías avanzadas, gran flexibilidade nos produtos que fabricar, estruturas empresariais áxiles con pequenas e medianas unidades produtivas, moi vencelladas ás novas tecnoloxías de telecomunicación e que son obxecto do propio ramo, tamén están presentes en Galicia e contan cun peso considerable. Así temos empresas de vangarda, con localización nas maiores urbes galegas, que están

plenamente inseridas na economía globalizada, dissociando os procesos de I+D+i que desenvolven, a xestión e a fabricación, localizada ás veces noutros países, pero que contan en Galicia coas sedes matrices e xeran no noso territorio os postos de traballo de maior valor engadido, reténdooos en Galicia, así como os procesos de toma de decisións para o devir das empresas.

Trátase dun sector emerxente que se debe potenciar todo o posible como estratexia de futuro, que levará a nosa Comunidade a un crecemento económico duradeiro, baseado na innovación, e que incardinará a nosa economía nos circuítos globais máis dinámicos.

Producción enerxética

O sector da produción enerxética é outra das actividades industriais tradicionais que se desenvolveron en Galicia. A súa orixe estivo moi vinculada ao clima chuvioso e á presenza de cursos de auga propicios para o aproveitamento hidroeléctrico. A construción dun considerable número de encoros tivo un forte impacto ambiental na nosa comunidade sen reportar en moitas ocasións os beneficios que cabería esperar.

Nos últimos tempos optouse por primar a produción de enerxías renovables, cun forte desenvolvemento da eólica dada a alta potencialidade de amplas áreas de Galicia, de xeito que a súa participación na xeración total de enerxía medra de xeito continuo. Esta fonte de enerxía non está exenta de impactos paisaxísticos, visuais e medioambientais negativos, que cómpre evitar. Por outro lado, están tamén a acadar cotas significativas de penetración outras fontes de enerxía renovables, como a solar-fotovoltaica ou a biomasa, igualmente favorecidas polas boas condicións de Galicia para o seu despegue, que inciden nunha progresiva consecución de maiores cotas de sostibilidade.

De cara ao futuro deberá seguir avanzándose na produción de enerxías renovables, pois aínda hai amplísima marxe para o seu desenvolvemento, pero esa progresión deberá ser escrupulosamente coidadosa coa protección ambiental e paisaxística.

B. O asentamento industrial

O lugar elixido para a situación e desenvolvemento da actividade industrial aparece moi condicionado pola localización dos recursos que hai que transformar, os impulsos de emprendemento e a cultura local, a capacidade de investimentos, as dotacións infraestruturais, a formación dos recursos humanos, a existencia de servizos complementarios ou, entre outros, a proximidade a puntos de ruptura de transporte.

As principais áreas urbanas do sistema territorial son os contornos de máis forte presenza industrial, e fórono aínda máis no pasado recente, como causa e consecuencia á vez do seu desenvolvemento. Aínda que se pode albisar certa especialización en cada unha das cidades, identifícase unha diversidade produtiva que favorece a creación de emprego.

No tocante á incidencia espacial das unidades fabrís identifícanse tres modelos principais:

- Industrias de certa tradición integradas na malla urbana. Ocupan espazos de alto valor para a cidade e xeran un forte impacto intraurbano (mobilidade, incidencia construtiva, etc.). Neste sentido, débese prestar especial atención as áreas portuarias dos núcleos costeiros, potenciando a rexeneración e recuperación para o gozo dos cidadáns desas áreas con novas funcionalidades.
- Industrias dispersas polas periferias urbanas, que non ocupan espazos acondicionados para o seu desenvolvemento. Por iso, xeran demandas de servizos e infraestruturas, con problemas de accesibilidade e de capacidade de crecemento das instalacións. Por outra parte, concentran unha significativa porcentaxe de emprego e da capacidade de produción.
- Industrias localizadas en parques e polígonos adecuados a tal efecto. A promoción de solos aptos para a localización industrial ten xerado significativos focos de concentración de emprego. Moitos deles, por mor da

*Industria naval en Ferrol*

expansión das cidades, están chamados a integrarse na malla urbana, co que é preciso impulsar accións de mellora ambiental, accesibilidade e de dotacións de usos terciarios non directamente industriais.

Ao carón das vilas e pequenas cidades de Galicia a actividade industrial tamén é significativa, neste caso vencellada á rendibilización e valorización dos recursos endóxenos. Nalgúns casos, como en Lalín, O Barco, Ribeira, A Estrada, etc., téñense consolidado sistemas produtivos locais, formados por un conglomerado de PEMES especializadas nunha liña produtiva baseada na tradición e os recursos locais. Estas empresas apenas manteñen relacións económicas entre si, mesmo compiten nos mesmos mercados. Esta actividade empresarial ten unha orixe recente no tempo e foi resultado de procesos de industrialización endóxena.

Espacialmente caracterízanse pola súa dispersión nas inmediacións dos principais eixos de comunicación, nos bordos urbanos e mesmo no espazo rural, xa que moitas destas unidades de produción na súa orixe derivan da acción individual do emprendedor-líder da unidade fabril. Nalgunhas ocasións estes procesos de ocupación espontánea teñen xerado auténticos asentamentos

industriais á marxe do planeamento urbanístico local, cos problemas que iso implica. É por iso que nos últimos anos tense feito un esforzo por dotalos de infraestruturas adecuadas que os acaben por converter en polígonos industriais convencionais. Estas son áreas chamadas á súa recualificación.

Como estratexia de desenvolvemento, cohesión e sostibilidade futura existe un grande interese por reducir os custos ambientais e económicas da dispersión industrial e, ao mesmo tempo, por reforzar a centralidade e potencial de desenvolvemento das vilas e pequenas cidades de Galicia. A oferta de solo empresarial, así como o reforzamento da súa conectividade co conxunto do sistema urbano, a dotación de servizos complementarios ou o incremento da formación deben ser estratexias que favorezan a creación de emprego e a fixación de poboación no espazo rural articulado por estas pequenas cidades.

A ausencia de planeamento, a proliferación de procesos de ocupación apoiados en planeamentos obsoletos, así como o déficit de regulación, favoreceu a consolidación de asentamentos industriais carentes de figuras urbanísticas que os amparen. Nestes casos, e dada a súa significación sociolaboral



Vila de Redes. Concello de Ares

e económica, debe avanzarse cara á súa regulación xurídica, a adecuada dotación de infraestruturas e a súa mellora ambiental.

As novas necesidades da economía global, que priman a capacidade de dar resposta rápida ás demandas do sistema produtivo, converten o transporte e a almacenaxe en actividades de repercusión fundamental na actividade industrial, o que esixe a existencia de plataformas loxísticas adecuadas para esta función e infraestruturas viarias perfectamente interconectadas coas redes globais.

En calquera caso, cara ao futuro o horizonte debe situarse no desenvolvemento de novas localizacións industriais e loxísticas en plataformas de solo e novos polígonos que xurdan en espazos ben comunicados, nas áreas exteriores dos núcleos urbanos. Deberán favorecerse os procesos de reconversión, recualificación e relocalización das industrias existentes no interior das cidades. A reorientación debe ir cara a novos usos nos que se introduzan actividades económicas comerciais e terciarias avanzadas, minimizando o impacto visual e ambiental. A relocalización debe realizarse trasladando as actividades industriais, en especial as de maior impacto ambiental e paisaxístico, cara a áreas ben planificadas, dotadas, comunicadas e integradas no medio no que se implanten.

Por outra banda, debe ser unha prioridade favorecer a creación de redes de cooperación entre empresas e entre a iniciativa pública e a privada, buscando deste xeito unha maior competitividade e unha redución de custos naquelas facetas dos procesos produtivos que se poidan abordar conxuntamente: accesos aos mercados, xestión, promoción, formación, etc.

No mesmo sentido, a industria e a universidade deben camiñar cara a unha maior integración, aínda débil, en especial na xeración de redes de investigación que as vinculen para unha mellor transferencia dos procesos de I+D+i á sociedade e ao beneficio xeral, de xeito que se xeren focos de excelencia produtiva e alta competitividade. Neste sentido son exemplos significativos de boa colaboración as interrelacións da universidade co sector madeireiro (CIS Madeira), no ámbito da acuicultura e a bioloxía mariña, na industria automobilística ou na agroalimentaria, entre outras.

1.4. RETOS TERRITORIAIS NO SÉCULO XXI: PAUTAS PARA GALICIA

Iniciado o século XXI aparecen novos retos e novas oportunidades: o desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e das comunicacións que multiplica a capacidade de interacción a todos os niveis; a apertura dos mercados internacionais que introduce novas pautas de comportamento nas empresas que operan globalmente; ou os desequilibrios entre países que intensifican os fluxos migratorios.

Todos estes cambios afectan tamén aos territorios e á forma de xestionalos. Hoxe en día cada vez máis cidadáns interactúan nunha contorna cada vez máis ampla, que cede os límites locais. Tamén as empresas que nacen ou que deciden instalarse no noso territorio teñen unhas esixencias de operar en mercados cada vez máis amplos e están sometidas a un esquema de competencia que supera os límites físicos da súa contorna rexional inmediata.

Os trazos territoriais probablemente máis característicos da evolución recente dos espazos rexionais pódense agrupar en tres grandes epígrafes:

- Expansión urbana e as novas formas de ocupación do territorio. Asistimos á transformación nas áreas periurbanas de núcleos rurais en áreas residenciais, á evolución dos centros tradicionais, á aparición de novas comunidades, ao xurdimento de novas centralidades en ámbitos antes periféricos vinculados aos grandes centros comerciais e de lecer... Estes cambios supuxeron a multiplicación dos fluxos de mobilidade obrigada diaria dun xeito xeométrico en menos de dúas décadas.
- Novos sistemas de transporte que articulan espazos antes distantes e que canalizan demandas de mobilidade crecentes: trens de alta velocidade, novas plataformas loxísticas, sistemas de metro lixeiro, tranvía e redes de proximidade nos espazos máis centrais, crecente intermodalidade e conectividade entre os diferentes sistemas, elementos de conexión global asociados a portos e aeroportos, elevados niveis de infraestrutura de telecomunicacións.
- Un sofisticado e complexo sistema de servizos e equipamentos de alto nivel. Na nova economía, para que as empresas poidan operar globalmente necesitan o apoio dun complexo de servizos moi especializado (capital intelectual, consultoría, asesoramento xurídico, de mercadotecnia, novas tecnoloxías, transporte, servizos financeiros, etc.) que só se pode situar en nodos urbanos dun certo tamaño, é dicir, en cidades e territorios dunha determinada masa crítica.

Europa constitúe o espazo onde estes procesos de transformación son máis evidentes e ofrecen maiores posibilidades e exemplos máis valiosos. En comparación con outros ámbitos de desenvolvemento de América, Asia e Oceanía o trazo máis singular do territorio europeo é a importancia das cidades medias na organización do espazo e no mantemento do dinamismo económico. Estas cidades medias organízanse en sistemas rexionais cunha longa tradición histórica, configurando estruturas urbanas policéntricas. Fronte ás grandes megalópoles que noutras zonas do mundo se están a converter nos hábitats da globalización, os sistemas policéntricos europeos dispoñen de vantaxes competitivas fundamentais para participar con éxito no novo escenario. Son espazos cunha forte identidade e cunha escala humana que aumenta a súa sostibilidade e é garantía dunha maior calidade de vida.

Este tipo de territorios está demostrando unha enorme capacidade para dar respostas adecuadas aos novos retos das cidades e rexións. O seu atractivo permítelles captar capital humano e iniciativas innovadoras que constitúen a clave da nova economía. A súa flexibilidade e capacidade de cambio son idóneas para manter e mellorar as súas perspectivas de éxito nun contexto de cambio permanente, no que ningunha situación é segura e onde territorios historicamente débiles poden situarse globalmente nun curto período de tempo.

A Estratexia territorial europea formulada no ano 1999, consciente deste carácter diferencial do territorio europeo e das vantaxes que leva en termos económicos, sociais e ambientais, expón como claves para a política territorial o fortalecemento do policentrismo en todos os niveis (rexións metropo-

litanas, centros intermedios e espazos rurais), o impulso ás accións físicas e políticas de integración entre os diversos elementos do sistema de asentamentos e a énfase na sostibilidade ambiental e nos aspectos cualitativos como o patrimonio cultural, a paisaxe e os equipamentos.

Este enfoque parte da cada vez máis estreita interdependencia entre cidade e territorio e é congruente coas diversas funcións que os distintos espazos cumpren no proceso de desenvolvemento rexional no cal hai actividades que demandan espazos densos e diversos xunto a outras que requiren maiores dispoñibilidades de espazo e menores custos do solo. A pesar das expectativas creadas polas novas tecnoloxías das telecomunicacións segue sendo evidente que as condicións de aglomeración e densidade fan máis eficiente o desenvolvemento de moitas actividades económicas, a prestación de servizos de calidade polas administracións e o acceso dos cidadáns aos servizos, ás oportunidades laborais e educativas e ás relacións sociais. A Axenda territorial europea afonda neste enfoque facendo énfase no concepto de cohesión territorial, introducindo a dimensión territorial nas iniciativas de desenvolvemento socioeconómico e da sociedade do coñecemento en Europa, impulsando unha maior coherencia das políticas comunitarias e nacionais con impacto territorial e promovendo a cooperación territorial en Europa.

Pola súa banda a Carta de Leipzig sobre Cidades europeas sostibles (2007) sinala que o uso eficiente e sostible dos recursos debe basearse nunha estrutura compacta dos asentamentos. Isto pode lograrse mediante unha boa planificación urbana e territorial, evitando así a expansión descontrolada das cidades a través dun estrito control da oferta de solo e dos desenvolvementos especulativos.

Ademais, o documento destaca a importancia de lograr unha adecuada mestura de usos na trama urbana.

Na economía global a competitividade non se expón xa no referente a estados, senón na escala das cidades e as rexións, e máis concretamente

como ámbitos complexos que incorporan espazos urbanos densos inseridos en espazos rexionais máis amplos, que acollen unha gran diversidade de asentamentos urbanos e de áreas de actividade xunto a zonas rurais e a espazos naturais.

Do mesmo xeito, o *Libro verde sobre a cohesión territorial* (2008) incide na necesidade de crear, nas rexións intermedias como Galicia, redes de cidades e vilas que poidan permitir o desenvolvemento dos seus puntos fortes nunha maneira coordinada. Por outra banda, marca tamén para as áreas rurais máis desfavorecidas evitar o éxodo rural e asegurar que estes espazos sexan lugares atractivos para vivir, conectándoos axeitadamente por estrada coas vilas e cidades e dotándoos de infraestruturas de telecomunicación que lles permita o acceso a internet de banda ancha. O papel dos centros urbanos como provedores de servizos é básico tanto nas áreas rurais como nas intermedias para lograr a cohesión territorial. Todo isto lograse cunha cooperación en todos os niveis administrativos e mellorando a gobernanza territorial.

Pola súa parte, a Conferencia de Kiruna (Suecia, decembro de 2009), dedicada á política de cohesión e desenvolvemento territorial, subliñou a necesidade de traballar coa política de cohesión dentro dun marco fundamentado nun modelo de Metodoloxía de desenvolvemento local (MDL), con carácter estratéxico e multidimensional. O modelo debe reforzar a dimensión territorial na avaliación (económica, social e ambiental) das diferentes políticas existentes, en lugar de crear novos instrumentos.

Os territorios que terán éxito no futuro serán os que consigan un equilibrio intelixente entre competitividade económica, cohesión social, calidade de vida e sostibilidade ambiental. No futuro os territorios grandes, medios ou pequenos van conseguir mellorar as súas oportunidades resaltando a súa identidade e fortalecendo as súas conexións globais. Os hábitats da globalización hai que reinventalos, e sermos conscientes de que os máis atractivos serán aqueles capaces de exercer magnetismo sobre a súa contorna e de ofrecer calidade de vida aos seus cidadáns.

No caso de Galicia a aplicación ao territorio dos conceptos de identidade, policentrismo, sustentabilidade e conectividade significa:

- Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
- Dotar dunha planificación coherente os espazos urbanos máis complexos de Galicia que están en proceso de metropolización, como son as Rexións urbanas de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.
- Mellorar as interrelacións entre os diferentes elementos do sistema urbano e deles co exterior de Galicia. En particular, teñen especial relevancia as iniciativas que permitan consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica.
- Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e ambiental, xunto ao sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida. Neste sentido é importante deseñar estratexias territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endóxico que permitan a modernización das actividades nas zonas rurais, aumentando a súa capacidade de axuste e competitividade ás esixencias do mercado, e a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, favorecendo así mesmo procesos de retención e revitalización demográfica en áreas poboacionalmente recesivas da nosa Comunidade.
- Fomentar o uso racional e sostible da auga e potenciar a preservación dos recursos hídricos e mellorar e conservar o estado ecolóxico das masas de auga.
- Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a unha rede conectada por corredores transversais que estruturen o continuo urbano á vez que lle outorgan permeabilidade. Este espazo caracterízase pola súa calidade ambiental, patrimonial e paisaxística, así como pola diversidade de posibilidades de modos de vida e traballo. O Plan de ordenación do litoral é o instrumento de ordenación que establece as determinacións para o cumprimento desas premisas.
- Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercadorías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo a posición xeoestratéxica de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar xeral dos cidadáns, sempre dentro de criterios de mobilidade sostible e respectuosa co medio.
- Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade, buscando o reequilibrio territorial litoral-interior e a fixación de poboación nas áreas de demografía recesiva.
- Potenciar as infraestruturas de telecomunicación, e a súa cobertura na totalidade do territorio, como factor esencial para a xeración de novas actividades, de diferentes formas de organizar o traballo que poidan incidir nas solucións futuras de mobilidade e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada dos grandes centros urbanos, ou memo para facilitar a conciliación da vida familiar.
- Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.

1.5. UN MODELO TERRITORIAL PARA O FUTURO DE GALICIA

1.5.1. Orientacións estratéxicas do modelo territorial de Galicia

O territorio de Galicia é un factor de identidade esencial nunha nova etapa marcada pola globalización, é o espazo onde se desenvolve a vida cotiá dos cidadáns, é o principal activo para que a nosa economía sexa competitiva e é o lugar clave para innovar e construír un futuro sostible, pero tamén o marco referencial con grandes calidades humanas, ambientais, culturais e paisaxísticas que debemos preservar.

Os criterios fundamentais que constitúen as liñas estratéxicas da nova política territorial de Galicia oriéntanse a:

A. Favorecer a compactidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa

As características das cidades e a organización do sistema urbano son factores que determinarán o papel de Galicia no contexto global. De como sexan as cidades e de como actúen conxuntamente dependerán moitos dos elementos que contribúen ao benestar cotián dos cidadáns. Ademais, a estrutura e organización do Sistema de cidades de Galicia “Galicia, cidade única” serán decisivos na capacidade do noso territorio para xerar, captar e difundir eficazmente innovacións e iniciativas, para lograr un adecuado equilibrio territorial, para a competitividade das actividades económicas locais e para a atracción de persoas e empresas vinculadas á nova economía.

É fundamental deseñar modelos de crecemento que favorezan unha certa compactidade nos novos desenvolvementos e promovan unha adecuada coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. A compactidade incrementa a eficiencia dos fluxos metabólicos dos asentamentos e reduce o seu impacto e pegada ecolóxica. A identificación de áreas que deben permanecer como espazos libres, a procura dunha relación coherente entre densidade e opcións de transporte e a potenciación dos núcleos

existentes como base na que apoiar os novos crecementos son orientacións fundamentais para lograr este obxectivo esencial.

É preciso harmonizar o desenvolvemento das cidades con criterios de complementariedade, apoiando as fortalezas locais de cada unha de forma coordinada coas demais, para configurar unha rede urbana de ámbito rexional cunha importancia e eficacia maior da que poderían lograr cada unha delas por si soas. A excelente distribución espacial das cidades de Galicia, as posibilidades de articular de forma integrada o desenvolvemento dalgunhas delas para configurar rexións urbanas de maior rango, e os perfís diferenciados que presentan en moitos casos, crean a oportunidade para organizar un auténtico sistema urbano policéntrico.

É importante frear os procesos de urbanización difusa, de crecementos desconectados dos núcleos existentes ou de desenvolvementos con moi baixa densidade. Haberá que procurar que o crecemento sexa contiguo, evitando a dispersión, cunha compactación dos usos do solo. A proliferación de espazos residenciais e de establecementos comerciais e produtivos que se localizan de forma dispersa no territorio constitúe unha forma de crecemento que agudiza os impactos ambientais, aumenta as demandas de mobilidade, eleva os gastos de dotación de infraestruturas e equipamentos e dificulta o goberno do territorio. Neste sentido, nas áreas de cidade difusa existentes camiñárase cara á densificación, compactación e xeración de novos nodos de centralidade de servizos.

B. Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio

Un dos criterios básicos de calquera crecemento que busque a sostibilidade é apoiarse sobre os núcleos existentes. Os núcleos tradicionais achegan trazos singulares de escala, atractivo urbano, posibilidades de interacción, acceso inmediato a servizos e equipamentos, que os diferencian claramente dos novos desenvolvementos periurbanos e proporcionan unha opción residencial de calidade, alternativa á urbanización difusa, con gran capacidade de atraer novos residentes e constituír comunidades cohesionadas como base esencial de benestar e desenvolvemento.

O litoral galego é un espazo valioso, diverso, limitado, fráxil e irreproducíble sometido a presións e cambios que inducen a súa transformación.

As rías, ámbito propio e específico de Galicia, deben ser obxecto de especial protección e deben desenvolverse as actuacións de saneamento precisas, deseñadas coas técnicas de drenaxe urbana sostible, tendo en conta a capacidade do medio receptor e optimizando a xestión dos caudais e da contaminación provinte das augas de escorrentía, co obxectivo de acadar o bo estado ecolóxico das masas de auga para o ano 2015.

A rehabilitación e reutilización de espazos degradados ou abandonados, xa sexa no interior das cidades, en vilas ou núcleos rurais, permite reducir a presión existente sobre as zonas aínda non transformadas pola urbanización. A reutilización de espazos en declive debe facerse extensiva aos espazos de actividade económica. Os procesos de reconversión industrial e de transformación das estruturas produtivas deixaron algúns espazos ruinosos ou infrautilizados, que no seu estado actual convértese nun factor de deterioración urbana, ambiental e paisaxística, pero que poden ser obxecto de renovación para acoller novas actividades que supoñan transformacións novas, capaces de mellorar a oferta produtiva e impulsar a aparición de novas actividades económicas.

C. Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio

As infraestruturas son un elemento estratéxico e global para a configuración do Modelo territorial tanto para a súa articulación interna como para as conexións exteriores de Galicia, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

Respecto ás infraestruturas viarias, Galicia debe completar os seus eixes de estruturación e articulación territorial, tanto da rede principal como da rede secundaria. Ademais, debe desenvolver iniciativas que eviten a congestión nos corredores con maior densidade de tráfico, xunto coa mellora dos sistemas de transporte colectivo, a potenciación do ferrocarril e a creación de espazos e sistemas de intercambio modal, que son esenciais para lograr

unha maior mobilidade en condicións sostibles, tal e como se recolle no Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica de Galicia.

Cando unha política de transporte, especialmente en espazos que experimentan procesos de expansión urbana e de aumento das demandas de mobilidade, se centra no vehículo privado, os inconvenientes superan rapidamente ás vantaxes. O aumento dos tempos de viaxe debido a situacións de congestión, os riscos de accidentes, o incremento da emisión de gases de efecto invernadoiro debido ao incremento do consumo de combustibles fósiles, con implicacións na calidade atmosférica e o clima, o impacto ambiental e urbanístico dunhas infraestruturas viarias que necesitan crecer de forma constante e a insostibilidade financeira de todo este proceso son boas mostras diso.

Os novos crecementos deben asumir, como criterio de deseño urbano e territorial xeral, a necesidade de satisfacer as demandas de mobilidade con modos alternativos ao automóbil. A dispoñibilidade de servizos de transporte colectivo mediante trens e autobuses, trens lixeiros, tranvías e outros sistemas atractivos pola súa frecuencia, comodidade e calidade do servizo para os desprazamentos urbanos, metropolitanos e interurbanos require das infraestruturas e servizos necesarios, pero, sobre todo, esixe modelos urbanos que os fagan posibles. Concentrar as maiores densidades de edificación na contorna dos grandes eixes que soportan o transporte público e dos nodos que dan acceso a eles, particularmente os nodos ferroviarios de proximidade, onde deberán crearse plataformas intermodais de ámbito local, aproveitando para iso as liñas en desuso ou de nova construción, co fin de evitar a urbanización difusa e a dispersión da poboación en extensións de moi baixa densidade, así como posibilitar e facer viables os modos de mobilidade alternativa coa planificación de percorridos peonís e ciclistas son opcións territoriais fundamentais para reducir a necesidade de novas estradas, aumentar o atractivo da vida cidadá, usar a enerxía de forma máis eficiente e reducir a contaminación.

Por outra parte, o enorme desenvolvemento das tecnoloxías da información e telecomunicacións nas últimas décadas revolucionou a forma en que as

persoas traballan e interactúan na sociedade a diario. Así, avanzouse cara a unha sociedade onde o acceso á información é xa un ben de consumo demandado pola cidadanía. O adecuado despregamento das infraestruturas de telecomunicacións contribúe a mellorar a calidade de vida da poboación e á competitividade do sector empresarial. Non obstante, a realidade confirma que, neste senso, Galicia caracterízase por unha falta de accesibilidade aos servizos de telecomunicacións, sendo que, dos 30.000 núcleos de poboación da realidade galega, 17.000 non contan con acceso á banda ancha. Con todo, existen grandes diferenzas entre os núcleos máis poboados e os menos poboados, as cales indican un gran desequilibrio territorial.

A utilización óptima dos recursos e infraestruturas existentes, promovendo a súa compartición entre os distintos axentes, e o fortalecemento das instalacións e dos niveis de servizo nos núcleos estruturantes do sistema rural para aumentar o seu atractivo como centros de actividade e residencia, deben ser liñas de actuación prioritarias para a corrección deste desequilibrio.

D. Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial

Nas últimas décadas os territorios rurais sufriron un forte transvase de poboación e actividades económicas cara aos contornos urbanos e as cabeceiras comarcais, nun proceso común a todas as rexións e países do contorno, segundo melloran as súas condicións socioeconómicas e se asentán as diferentes variables do proceso de urbanización.

Para acadar a cohesión territorial resulta necesario que no rural se executen medidas e accións encamiñadas á redución do proceso actual de despoboamento. Para iso resulta esencial garantir, por unha banda, un nivel de rendas axeitado para os traballadores, independentemente do sector de actividade ao que estes se dediquen; e por outro, un rango de infraestruturas, dotacións e servizos equiparable ao das contornas urbanas e accesible nun tempo razoable. En moitos casos o que leva ao abandono do medio rural non vén derivado da falta de traballo, senón da ausencia destes servizos e dotacións que aseguren unha calidade de vida axeitada.

Debe facilitarse que os territorios rurais sigan ocupados por aqueles que desexen vivir neles e que se atopen en condicións de recibir novos poboadores continuos ou estacionais, así como novas vías empresariais.

Faise imprescindible a procura dun equilibrio territorial que adecúe os recursos do propio territorio á súa carga demográfica. Deste xeito poderase lograr unha maior valorización dos recursos endóxenos de cada porción espacial e, por extensión, fixar poboación ao territorio.

Toda esta problemática vese incrementada polo alto nivel de envellecemento actual dunha gran maioría dos concellos rurais do interior.

Dende os diferentes niveis administrativos, débese apostar por unha política integral que aborde o despoboamento como un dos eixos centrais de acción, entendéndose que a perda de recursos humanos é unha das principais debilidades que combater desde as administracións públicas.

E. Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural

O sector primario agrario galego ten unha cultura económica maioritariamente pecuaria, cunha produción agrícola orientada en boa medida á produción forraxeira, salvando importantes excepcións como o viño e o aproveitamento forestal, que achega a metade da produción de madeira española. Abondando na análise cómpre salientar a importancia estratéxica do sector lácteo que nas últimas décadas se converteu no principal activo do agro galego, acadando un protagonismo significativo no sector estatal.

Este panorama debe ser potenciado, favorecendo o aumento da base territorial das explotacións, o agrupamento tanto da produción como da transformación e comercialización, e incrementando o valor engadido de todas as producións.

Desde unha perspectiva territorial advírtese unha marcada zonificación en razón das condicións agrolóxicas do territorio, polo que se fai preciso a rea-



Río Arnoia. Allariz

lización de liñas de acción e políticas específicas que consideren a diferente vocación produtiva de cada espazo rural.

Así mesmo faise preciso preservar o recurso solo, e por extensión o da SAU ou as superficies para as explotacións forestais, toda vez que as novas liñas produtivas apostan por un maior vencellamento da produción primaria coa capacidade produtiva do propio solo, tendéndose a reducir o consumo de insumos e compoñentes transformados no proceso produtivo.

Preservar a vocación produtiva dunha parte significativa do espazo rural debe ocupar un papel central nas políticas públicas de ordenación territorial e urbanística, compaxinándose esta vocación tamén co preciso uso do solo rústico para a localización de instalacións de interese xeral que favorezan a creación de emprego e calidade de vida no rural.

Pola súa parte tamén se debe considerar como un punto de interese a necesidade de favorecer a mobilidade da terra cunha vocación produtiva agraria ou forestal, co fin de incrementar o tamaño e a rendibilidade das explota-

cións primarias. Deste xeito o excesivo grao de minifundismo característico da estrutura territorial galega condicionou e condiciona o desenvolvemento do sector produtivo. A explotación media galega vén ter un terzo da superficie da española e está composta case polo dobre de parcelas, o que reduce na rendibilidade e viabilidade das explotacións agrarias e forestais.

F. Protexer o patrimonio natural e cultural

Sen dúbida o patrimonio natural e paisaxístico constitúe un dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia. A calidade, variedade e posibilidades de uso convérteno nun elemento diferencial do espazo rexional. Cara ao futuro non será posible un crecemento sostible e de calidade nun espazo que presente problemas de deterioración ambiental, contaminación, esgotamento e sobreexplotación dos seus recursos naturais. A utilización de criterios ambientais e de compatibilidade coa natureza nas decisións de localización dos diversos usos ou a minimización da ocupación de espazos de interese ambiental polos procesos de desenvolvemento son requisitos necesarios para calquera estratexia de crecemento con vocación



Paisaxe da comarca do Deza

de longo prazo. O aproveitamento das posibilidades que ofrece o territorio para o desenvolvemento de enerxías renovables, o impulso aos deseños bioclimáticos que primen a eficiencia enerxética, a xestión integral do ciclo da auga, a protección e recuperación da biodiversidade e o uso sostible dos nosos recursos naturais e os nosos ecosistemas son criterios fundamentais para lograr un territorio sostible.

Igualmente importante, como elemento de calidade e identidade do territorio e como factor de desenvolvemento rexional, é o rico e diverso patrimonio cultural de Galicia. Pódese dicir que o conxunto do territorio galego é un inmenso museo ao descuberto que é necesario preservar, protexer e difundir para o seu gozo social.

Galicia estivo poboada desde épocas prehistóricas, polo que nela se atopan desde xacementos paleolíticos, asociados cos grandes cambios climáticos, a miles de monumentos megalíticos, gravados rupestres ou castros. Tamén



Forte de San Lourenzo. Concello de Tomiño

abundan os restos romanos, entre os que destaca a muralla de Lugo e a Torre de Hércules da Coruña, declarados ambos patrimonio da humanidade pola Unesco. Tamén foron recoñecidos pola Unesco a zona histórica compostelá e o Camiño de Santiago, a principal vía de comunicación cultural en Europa.

A paisaxe galega está profundamente humanizada e os asentamentos humanos albergan mostras do patrimonio arquitectónico e etnográfico do pobo galego. Dentro deste último destacan polo seu número e polo seu valor etnográfico os hórreos e os cruceiros.

Galicia conta así mesmo cunha riquísima cultura oral que contribúe a manter viva a lingua galega, e mantén vivas tradicións e costumes milenarios que delimitan un vasto patrimonio cultural inmaterial en gran parte compartido con Portugal.

Manter o carácter e a calidade do patrimonio ambiental, paisaxístico e cultural do territorio, harmonizando conservación e desenvolvemento, é un

obxectivo fundamental para lograr un crecemento adecuado e sostible. Factores esenciais de benestar e de sostibilidade (como a prevención de riscos naturais, a calidade de vida ou o potencial de desenvolvemento de numerosas actividades económicas) dependen da adecuada conservación das áreas de interese natural e paisaxístico, os recursos patrimoniais, a visión integrada das actuacións no territorio e o uso intelixente da tecnoloxía, conxunto que permite lograr unha xestión racional dos recursos naturais e valorizar a riqueza cultural de Galicia.

G. Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.

A presión da poboación urbana sobre o medio exercece principalmente pola vía da explotación dos recursos, que son trasladados ás cidades, e pola da contaminación que estas exercen sobre as súas contornas, que son destino dos residuos e emisións. A pegada ecolóxica das cidades e asentamentos urbanos, circunscrita inicialmente ao territorio máis inmediato, evolucionou ata a situación actual, na que tras superar a capacidade de carga das áreas inmediatas, afecta a territorios máis afastados e chega en ocasións aos impactos globais. O metabolismo urbano refírese así a un ciclo completo que inclúe todo o proceso dos materiais, desde o abastecemento á produción e xestión de residuos, pasando pola súa transformación en bens e servizos, a enerxía e os recursos naturais necesarios para manter a dinámica e actividade económica dunha cidade. A súa análise permite cuantificar todos os fluxos de enerxía, materiais, recursos naturais e residuos que entran e saen dunha estrutura funcional urbana.

A crecente concentración da poboación galega nas áreas urbanas e o crecente consumo pola súa parte de recursos, materias e enerxía lévanos a considerar que será nas áreas urbanas onde se deberán centrar os esforzos por alcanzar a sostibilidade.

O modelo de crecemento urbano baseado no consumo crecente de recursos caracterízase polo seu alto impacto nos ecosistemas e consecuentemente

pola súa insostibilidade. Faise necesario un cambio no modelo cara a un novo urbanismo baseado na xestión eficiente dos fluxos metabólicos. Cobra así especial importancia a análise de elementos fundamentais como son a auga, os materiais (residuos sólidos) e a enerxía. Pero na busca da sostibilidade por medio da eficiencia debe ocupar un papel destacado a ordenación do territorio e o urbanismo como instrumentos de cambio nas tendencias, para acadar maiores cotas de eficiencia na ecuación entre consumo de recursos e organización urbana.


H. Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

O conxunto de liñas estratéxicas descritas nas epígrafes anteriores constitúen unha aposta pola calidade en todas as facetas territoriais e deben permitir que Galicia mellore os seus índices de benestar interno e gañe proxección exterior.

Os conceptos de rede, intercambio, relación e conexión teñen cada vez máis importancia nunha concepción dinámica do territorio. A maior parte dos estudos realizados desde o ámbito da economía rexional e da xeografía económica sinalan que o modelo tendencial europeo se inclina por consolidar as rexións máis desenvolvidas e que as comunidades periféricas, como Galicia, se integrarán nesta tendencia na medida en que sexan capaces de desenvolver estratexias propias e cooperar con outras comunidades e territorios para evitar quedar nunha posición cada vez máis illada en termos produtivos, demográficos e sociais.


Con esta formulación todas aquelas iniciativas encamiñadas a mellorar a integración e cooperación de Galicia co conxunto de Europa e, en especial, cos territorios limítrofes do norte de Portugal, da meseta ou da cornixa cantábrica constitúen directrices clave da ordenación territorial galega.

Nas seguintes epígrafes expónse con algo máis de detalle cada unha destas liñas estratéxicas e, posteriormente, nos restantes capítulos da memoria abordarase en profundidade cada un destes elementos básicos do modelo territorial.



Sistema urbano

- Rexións urbanas
- Áreas urbanas
- Cabeceiras do Sistema urbano intermedio
- Subcabeceiras do Sistema urbano intermedio
- Nodos para o equilibrio do territorio



1.5.2. Galicia, cidade única: cara a un Sistema urbano policéntrico

A viabilidade do modelo territorial de Galicia depende, en gran medida, da existencia dunha rede urbana dinámica, na que basear os procesos de modernización e transformación do conxunto do territorio e a través da cal se deben dar os procesos de integración en estruturas territoriais máis amplas, unha rede de cidades sustentables baseadas na compactidade, complexidade, eficiencia e estabilidade. O papel de Galicia no contexto español e europeo, a capacidade para captar e difundir eficazmente innovacións e iniciativas, a dispoñibilidade de servizos produtivos e persoais esenciais para o benestar da poboación ou as posibilidades de transformación das nosas estruturas económicas son metas estreitamente asociadas ás características do sistema de asentamentos.

A análise territorial de Galicia, atendendo a criterios demográficos, sociolaborais, de mobilidade, de especialización dos usos do territorio, de dinámica urbana, de concentración de actividade económica ou de capacidade de difusión sobre o seu contorno, permite conformar unha estrutura xerarquizada na que as sete grandes cidades de Galicia, pola súa dinámica e o seu tamaño constitúen, de forma claramente diferenciada, o chanzo superior do sistema territorial.

A estas cidades correspóndelles a importante función de garantir unha adecuada cobertura dos servizos en todo o territorio da Comunidade e de organizar e apoiar os procesos de cambio territorial nos seus respectivos ámbitos de influencia. O seu fortalecemento é esencial para todo o espazo rexional pois unha das súas funcións máis importantes é actuar como elementos territoriais de enlace de Galicia coas dinámicas globais, servindo de centros de atracción de iniciativas e de xeración de procesos de cambio. Estas cidades deben acoller os equipamentos e servizos de rango rexional, concibidos como dotacións importantes para a calidade de vida e tamén como instrumentos de desenvolvemento e innovación.

Un dos retos centrais para o futuro de Galicia é articular coherentemente as rexións urbanas emerxentes ao redor dos binomios A Coruña-Ferrol, por un lado, e Vigo-Pontevedra, polo outro. O fenómeno urbano máis relevante

de finais do século XX e dos inicios deste novo século internacionalmente é a emerxencia dos espazos metropolitanos, áreas urbanas ou as cidades-rexión como realidade económica e funcional nova en territorios onde até hai dúas décadas non existían estes procesos de forte expansión das características urbanas a amplas porcións do territorio, como está a acontecer en Galicia. As propias recomendacións da Estratexia territorial europea sinalan que naquelas rexións onde ningunha cidade por separado acade o límite ou masa crítica de competitividade, estimada ao redor dos 600.000 habitantes e unha forza laboral de 200.000 empregos, a opción estratéxica máis efectiva será a constitución de Rexións urbanas policéntricas ao redor das cidades próximas de funcións complementarias. Ese é o caso do binomio A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, que poden constituírse como as dúas Rexións urbanas de posicionamento económico no sistema urbano global.

A Rexión urbana de Vigo-Pontevedra destaca como un nodo fundamental nas estratexias de integración de Galicia co sistema de cidades de Portugal, co que ocupa unha posición que permitirá a este espazo asumir un crecente protagonismo na Eurorrexión. Pola súa banda, A Rexión urbana A Coruña-Ferrol é clave para xerar unha tensión que impulse cara ao oeste as dinámicas dos sistemas urbanos do eixo cantábrico, e pode constituír o vértice metropolitano do noroeste da Península Ibérica.

Se ben é certo que nunha mirada autonómica ou estatal temos que falar dun nivel de organización en Rexións urbanas no contorno de medio millón de habitantes, escala na que se atopan A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, non é menos certo que existe outra escala de ordenación vinculada coa oferta de servizos aos cidadáns; é a escala das chamadas Áreas urbanas nos contornos das maiores cidades, A Coruña e Vigo, pero tamén inclúe as outras cinco cidades intermedias galegas, onde con elas de cabeceira deben desenvolverse espazos de xestión común duns determinados servizos.

Atendendo a estas premisas, este documento de Directrices propón dous niveis de planificación para o chanzo superior do Sistema territorial galego. Por unha banda aparece o nivel de Rexión urbana, no que se debe facer a

gran planificación territorial, o deseño das grandes infraestruturas, do transporte público entre cidades, dos solos industriais, dos grandes equipamentos supramunicipais como universidades ou hospitais, en definitiva, dos servizos e equipamentos propios das grandes metrópoles.

Por outro lado, propónse outro nivel de planificación relacionada cos servizos e as infraestruturas municipais básicas: transporte urbano, subministro de auga, saneamento, recollida de lixo, planeamento urbanístico, política de vivenda, etc. Este nivel corresponde territorialmente con espazos das áreas urbanas de Vigo e A Coruña e coas áreas urbanas de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol.

Debe terse tamén en conta que estas Directrices apostan por un modelo flexible atendendo ao forte dinamismo que caracteriza o crecemento das Áreas urbanas e ao seu proceso de expansión cara a periferias cada vez máis extensas e en permanente cambio.

Por tanto, a estrutura de planificación territorial mencionada queda como segue:

1. Rexión urbana da Coruña-Ferrol, que inclúe:
 - a. Área urbana da Coruña.
 - b. Área urbana de Ferrol.
 - c. Outros concellos da Rexión urbana.
2. Rexión urbana de Vigo-Pontevedra, que inclúe:
 - a. Área urbana de Vigo.
 - b. Área urbana de Pontevedra.
 - c. Outros concellos da Rexión urbana.
3. Área urbana de Santiago de Compostela
4. Área urbana de Lugo
5. Área urbana de Ourense

Tanto a Área urbana da Coruña como a de Vigo constitúense como uns espazos con catro vertentes ben definidas, pero cun funcionamento marcadamente complementario, como son a residencial, a industrial, a portuaria e a

turística, especializándose A Coruña na economía terciaria e Vigo na industrial. O establecemento entre os seus concellos de infraestruturas compartidas, planeamentos complementarios, servizos básicos comúns, transporte metropolitano intermodal, políticas de vivenda con vocación supramunicipal, etc., será fundamental para unha integración máis efectiva e unha utilización máis racional e harmónica do territorio.

Dentro das dúas Rexións urbanas galegas aparecen ademais as Áreas urbanas de Ferrol, na do norte, e de Pontevedra, na meridional. A Área urbana de Ferrol está internamente urbanizada, aínda que tamén conserva espazos naturais de elevado interese, debido ao seu proceso de industrialización vinculado á construción naval, completada con outros sectores como a enerxía, o téxtil ou a actividade portuaria, que favorecen intensos fluxos de mobilidade obrigada diaria coa Cidade departamental.

Pola súa banda, a Área urbana de Pontevedra está centralizada pola cidade do Lérez, núcleo moi terciarizado, cunha extensa área funcional vinculada a través do seu tradicional papel de centro administrativo, aínda que no seu sector máis occidental presenta un importante desenvolvemento turístico, residencial e portuario.

Santiago é a capital político-administrativa, ten un importante potencial de globalización e está situada no centro de gravidade das dúas principais rexións urbanas de Galicia e nunha posición xeográfica tamén moi central en relación ás áreas urbanas de Lugo e Ourense. Conforman unha Área urbana en rápida expansión demográfica e cunha clara vocación residencial, aínda que o desenvolvemento empresarial está tamén acadando cotas elevadas. Desempeña ademais unha forte centralidade no sistema de transporte galego, como nodo da rede de autovías, do ferrocarril e do sistema aeroportuario.

Lugo e Ourense constitúen enclaves estratéxicos para completar os niveis superiores do sistema de cidades. Proporcionan unha base urbana sólida para articular os procesos de desenvolvemento nos seus respectivos

ámbitos de influencia, o que permite valorizar activos fundamentais para o desenvolvemento dos espazos rurais interiores. Constitúen por tanto os dous polos fundamentais para o equilibrio territorial de Galicia. Coñecen, así mesmo, uns notables procesos de extensión do fenómeno urbano nas súas periferias, conformando ambas Áreas urbanas cunha expansión que medra de xeito continuado. O fortalecemento dos seus perfís funcionais require dunha mellora significativa nas súas interconexións viarias co resto do sistema urbano galego.

Na estratexia territorial de Galicia é fundamental o denominado “Sistema urbano intermedio” que, xunto cos principais asentamentos das Rexións e Áreas urbanas, constitúen o segundo chanzo do sistema urbano. O Sistema urbano intermedio está formado por pequenas cidades e vilas que centralizan nas súas contornas subsistemas de carácter supramunicipal. A súa función é proporcionar unha base urbana aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio galego dispoña dunha adecuada cobertura de servizos urbanos de certo nivel, esenciais para a calidade de vida e para o desenvolvemento das actividades produtivas. A distribución espacial destes sistemas intermedios e a súa estrutura económica fai deles elementos clave para a preservación do equilibrio territorial, para o atractivo e a competitividade do territorio e nalgúns casos, para aumentar as oportunidades de cooperación e integración con ámbitos lindeiros. Ademais da súa posición territorial, contan con capacidade de estímulo para a formación de sistemas económicos locais e como ámbito de referencia para o estímulo de procesos de desenvolvemento endógeno.

O sistema urbano de Bergantiños, Costa da Morte, Ría de Muros e Noia, Barbanza, Arousa, Baixo Miño, Mariña lucense e dos enclaves interiores centralizados polas vilas da Estrada, Lalín, Verín, Chantada, Monforte, Sarria, Vilalba, As Pontes, O Carballiño, Xinzo de Limia e O Barco de Valdeorras son elementos imprescindibles para estruturar un sistema urbano equilibrado co que aproveitar integramente as potencialidades do territorio de Galicia.

A existencia desta rede de asentamentos é unha vantaxe competitiva de Galicia. Estas cidades proporcionan unha base sólida para configurar unha estrutura urbana policéntrica, que permite incorporar as zonas menos estruturadas aos procesos de desenvolvemento e aumentar o rango global e as opcións de desenvolvemento futuro do noso sistema de cidades e con el do conxunto de Galicia. Ademais, esta estrutura policéntrica é compatible co mantemento dos aspectos básicos de diversidade na oferta urbana, preservación da identidade, equilibrio territorial e unha escala adecuada, en termos sociais, ambientais e funcionais, para os diferentes asentamentos.

Ao redor do sistema de pequenas cidades e cabeceiras comarcais configúranse os Nodos para o equilibrio do territorio como sistema básico de núcleos que permiten asegurar unha adecuada cobertura de funcións urbanas esenciais en todo o espazo galego. Estes nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

Da calidade dos seus servizos públicos e privados, o seu dinamismo económico e o seu atractivo urbano dependerán en boa medida as posibilidades dos espazos rurais para fixar a súa poboación actual, acoller novos residentes, mellorar a competitividade das actuais actividades económicas e atraer ou crear novas iniciativas produtivas.

Estes núcleos son esenciais para un desenvolvemento equilibrado do territorio rexional. Constitúen espazos clave para garantir o mantemento dos procesos de desenvolvemento endógeno e para limitar o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior. Para que os Nodos para o equilibrio do territorio poidan desenvolver estas importantes funcións as Directrices expoñen o desenvolvemento de iniciativas para o seu fortalecemento: mellorar a calidade e variedade dos seus servizos públicos e privados, aumentar a súa accesibilidade e a súa conectividade aos sistemas de transporte colectivo, priorizar a súa conexión aos servizos avanzados de telecomunicacións, potenciar o seu atractivo como espazos de residencia e traballo, preservar a paisaxe e o medio natural da



Foz

súa contorna, dotalos de espazos de acollida para as actividades económicas e apoiar as súas especializacións produtivas.

Os Nodos para o equilibrio do territorio proporcionan un referente territorial ao redor do cal organizar os crecementos residenciais e dos espazos de actividade, reducindo os riscos de proliferación da urbanización difusa, e dotando dunha base coherente a organización das actividades humanas e a prestación de servizos no territorio.




O sistema de asentamentos péchase cos restantes núcleos principais municipais e parroquiais que desempeñan unha centralidade socioeconómica no seu ámbito. Neses asentamentos débense focalizar as actuacións de dotación ou desenvolvemento local para optimizar a ese nivel a rendibilidade social dos recursos.


Por último, e unha vez formulado este modelo de asentamentos, cómpre completalo tendo en conta como estrutura de referencia, de carácter subsidiario


respecto del, para o desenvolvemento de instrumentos de ordenación territorial cunha perspectiva supramunicipal. Deste xeito, as DOT incorporan a delimitación das áreas funcionais homoxéneas realizada polo Consello económico e social de Galicia, conforme ao seu potencial de desenvolvemento e características socioeconómicas, que aparecen definidas pola existencia de centros urbanos cunha elevada centralidade territorial. Contribúese así a unha mellor articulación do territorio, especialmente do sistema urbano intermedio, sen prexuízo de posibles delimitacións de Plans territoriais integrados que comprendan ámbitos territoriais máis precisos para os fins concretos cos que se iniciaron, que poden abarcar parte dunha ou varias das áreas funcionais mencionadas.

Deste xeito, ademais, procúrase a coordinación e coherencia con outras divisións administrativas e funcionais existentes, como a parroquial, municipal, comarcal ou a de desenvolvemento rural, buscando unha efectividade real da planificación e ordenación territorial, que depende en boa medida do adecuado funcionamento da coordinación, colaboración e cooperación das escalas local, subrexional e do conxunto do ámbito da Comunidade Autónoma.

Áreas funcionais para a
articulación territorial

- límites municipais 
- límites comarcais 
- áreas funcionais 





Metabolismo urbano

1.5.3. Metabolismo urbano e vectores ambientais

A estratexia para competir entre territorios está tradicionalmente baseada no consumo de recursos en xeral e de enerxía en particular. As cidades e demais asentamentos tamén participan desta estratexia que supón o desenvolvemento de modelos de xerar cidade consumidora de solo, materiais, auga e enerxía, separando os usos e as funcións urbanas nun modelo de cidade dispersa, espallada polo territorio, obrigando ao uso de medios motorizados privados para acceder a calquera servizo e marxinando ou imposibilitando os modos de transporte colectivo e alternativos. Á parte do modelo urbano, tamén se xeneralizaron estilos de vida intensivos no consumo de bens, que fan que o consumo de materiais e enerxía se incremente continuamente.

O modelo de crecemento urbano baseado no consumo crecente de recursos caracterízase polo seu alto impacto nos ecosistemas polo que se fai necesario un cambio no modelo cara a un novo urbanismo baseado

na xestión eficiente dos fluxos metabólicos. Cobra así especial importancia a análise de elementos fundamentais como son a auga, os materiais (residuos sólidos) e a enerxía. Pero na busca da sostibilidade por medio da eficiencia debe ocupar un papel destacado a ordenación do territorio e o urbanismo como instrumentos de cambio nas tendencias, para acadar maiores cotas de eficiencia na ecuación entre consumo de recursos e organización urbana.

Como se recolle na Estratexia española de sostibilidade urbana e local, débense ter por obxectivos a minimización do consumo de solo, a protección dos espazos e recursos naturais máis valiosos desde o punto de vista medioambiental, a aposta pola cidade compacta razoablemente densa e dotada de complexidade e variedade urbana articulada, o impulso á valorización e mellora do patrimonio edificado e dos tecidos urbanos consolidados fronte ao consumo indiscriminado de solo rural e á construción de obra nova, a incorporación do metabolismo urbano ao planeamento urbanístico, a promoción dunha maior integración espacial e cohesión social, etc.

Esta mudanza de modelo debe implicar todas as escalas de actuación ata chegar ao ámbito da edificación, na que desde o punto de vista metabólico se pretende axustar ao mínimo os recursos precisos para manter as actividades aloxadas na edificación e o impacto e as emisións que estas actividades xeran; reducir o consumo de auga, enerxía e materiais no ciclo de vida completo dos edificios, desde a fase de fabricación dos materiais á demolición, e os impactos de todo tipo que se xeran; e tamén se aspira á definición e posta en práctica dun novo concepto de habitabilidade.

Para que as nosas cidades sexan máis sostibles debemos modificar o actual modelo lineal de produción, consumo e eliminación urbana, conseguindo a progresiva introdución de sistemas metabólicos circulares nos que os produtos de refugallo se converten en materias primas do sistema produtivo.

Ademais, as medidas relacionadas coa mellora do metabolismo urbano a través dos fluxos de enerxía, auga e materiais son con frecuencia medidas orientadas á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e polo tanto de acción contra o cambio climático.

Unha cidade sostible organízase de xeito que posibilite que todos os seus cidadáns satisfagan as súas propias necesidades e que eleven o seu benestar sen danar o contorno natural e sen poñer en perigo as condicións de vida doutras persoas, agora ou no futuro.

A análise da situación e definición de medidas para aplicar pódese centrar na consideración dos principais fluxos de recursos naturais dos que se alimenta o sistema urbano: consumo de materiais e xeración de residuos, auga e enerxía.

Neste sentido cobran importancia aquelas medidas que buscan mellorar o metabolismo no ciclo de vida da edificación mediante a redución do consumo de materiais, auga e enerxía na edificación e a minimización dos residuos.

Por todo o anterior, é importante integrar o metabolismo urbano como un dos temas prioritarios no planeamento urbanístico, establecendo medidas pa-

ra que as funcións urbanas se poidan realizar satisfactoriamente co menor consumo de recursos materiais, auga e enerxía, e coa menor produción de residuos posible, tendendo a cerrar localmente os ciclos.

Así mesmo, a busca da sostibilidade das nosas cidades e a eficiencia do seu metabolismo debe contar coa participación de todos os axentes sociais e a máxima implicación dos cidadáns. Para iso cóntase con diversos instrumentos, entre os que destacan as Axendas 21 locais. Trátase dun proceso de elaboración e implantación de políticas para o desenvolvemento sostible na escala local. Por iso, as Axendas 21 teñen capacidade de interconexión cos procedementos de planeamento urbano, aos que pode axudar a dotar de capacidade de mellora ambiental.

A. O consumo de materiais e a xeración de residuos urbanos

As cidades precisan de cantidades cada vez maiores de materiais, o que supón unha presión crecente sobre os sistemas que as soportan. As cidades e ámbitos urbanos de Galicia seguen este esquema. Hai evidentes dificultades para cuantificar os fluxos materiais que son usados directa ou indirectamente na cidade. Esta cuestión pode resolverse parcialmente coa cuantificación dos fluxos residuais (RSU, inertes, etc.) que podemos usar como indicadores.

Así, finalmente, o consumo de materiais tradúcese na xeración de residuos, ben residuos sólidos urbanos, ben industriais, ben residuos tóxicos e perigosos. A xeración dos residuos sólidos urbanos, conformados tanto polos producidos nos domicilios particulares como polos das oficinas, comercios e servizos, e os asimilables, presenta unha tendencia á alza que se debe inverter. Os residuos industriais son xestionados polas propias empresas, que tras a súa clasificación distinguindo os residuos sólidos urbanos, os industriais e o subtipo tóxicos e perigosos lles encargan a xestión a empresas especializadas.

Desde a perspectiva do metabolismo urbano e os principais vectores ambientais, resulta prioritario conseguir o desencaixamento do desenvolvemento económico do consumo de materiais e produción de residuos.

En relación aos materiais, os obxectivos deben atender tanto á redución do consumo como á redución na produción de residuos, distinguindo os que son produto da actividade construtiva, da doméstica e da industrial e de servizos:

- Empregar materiais locais tradicionais na construción (naturais, renovables), evitando materiais de alto impacto ambiental.
- Reducir os movementos de terras e incluír medidas de xestión dos movementos de terras e dos seus vertidos.
- Reducir en xeral o consumo de materiais na edificación, incrementar o uso de materiais renovables, ou con menor consumo enerxético na súa fabricación e posta en obra, ou reciclados ou reutilizados
- Establecer medidas para fomentar o emprego de materiais reciclados ou reciclables e técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmoxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Establecer reservas de solo para a reciclaxe e tratamento *in situ* dos residuos domésticos (compost, etc.).
- Dimensionar e localizar axeitadamente os espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos.
- Realizar mapas de emisións, contaminación lumínica e sonora e realizar a ordenación e planeamento urbanístico de acordo cos seus resultados.

B. O consumo de auga

O recurso auga adquire unha importancia prioritaria entre os recursos naturais por canto supón o soporte da vida no planeta. Isto tradúcese nunha dobre perspectiva para a súa consideración nos instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico: nun primeiro termo, como elemento clave nas estratexias e accións para preservar a integridade dos ecosistemas; e, por outra parte, como recurso que debe ser xestionado para o seu uso.

Nos últimos anos a tendencia xeral do consumo de auga en Galicia foi de incremento progresivo do consumo *per cápita* de auga no sector doméstico,

mesmo despois de 2002, cando se iniciou o descenso do consumo nos sectores non domésticos (sectores económicos, usos municipais e outros). No período 1996-2005 o consumo de auga nos fogares das áreas urbanas supuxo un 54,2%, mentres que os distintos sectores económicos consumiron o 21,5% e os consumos municipais foron do 7,6%. Isto evidencia a necesidade de aplicar medidas que busquen a redución do consumo, con especial atención ao sector doméstico.

En Galicia, o consumo urbano da auga é especialmente elevado nas rexións urbanas e estacionalmente en sectores turísticos do litoral, chegando a producirse situacións de desconexión entre a demanda e a dispoñibilidade de recurso.

A Directiva marco da auga modificou o contexto referente á xestión dos recursos hídricos conformando un modelo baseado na xestión da demanda e na consecución dun bo estado de saúde dos ecosistemas ligados á auga. O enfoque metabólico precisa concibir e organizar o seu uso nun ciclo integral, que comprende todas as fases da súa utilización, desde a captación de caudais ata a devolución ao medio natural en condicións satisfactorias de calidade.

Co obxectivo xeral de preservar o recurso e restituír a un estado óptimo os ecosistemas acuáticos, evitando calquera deterioro, as DOT terán por obxectivos:

- Introducir criterios de sostibilidade na ordenación e planeamento urbano en todas as escalas, incluída a edificación, respecto do consumo da auga. A tal fin consideraranse os recursos hídricos dispoñibles, a posible influencia do cambio climático e a capacidade de carga do territorio para dimensionar, clasificar e cualificar o solo.
- Recuperar e usar as canles de escorrentía natural, e favorecer a infiltración natural das augas de chuvia minimizando o selado e impermeabilización do solo.
- Fomentar un uso da auga diferenciado segundo a súa calidade.
- Impulsar na edificación un nivel mínimo de autosuficiencia hídrica que

combine as medidas de captación coas de aforro e eficiencia, promovendo a recollida de augas pluviais nos edificios e o emprego de sistemas de aproveitamento das augas grises.

- Incorporar na urbanización sistemas de redes separadoras, obrigatorias para os novos desenvolvementos e fomentando a introdución paulatina nos tecidos urbanos preexistentes.
- Procurar o peche local do ciclo da auga realizando unha xestión integral sostible do ciclo urbano da auga (captación, transporte, almacenamento, potabilización, distribución, consumo, saneamento, depuración —*in situ*—, reutilización e vertido).

C. O consumo de enerxía

Resulta innegable o papel que o uso das diferentes fontes enerxéticas ten xogado no desenvolvemento da sociedade, a produción industrial e o incremento da calidade de vida, como tampouco é discutible a forte presión ambiental que a produción de enerxía ten causado no medio en Galicia. O uso de combustibles fósiles para a produción de enerxía nas centrais térmicas e para a locomoción é unha das principais fontes de contaminación atmosférica e de produción de gases de efecto invernadoiro, co que o seu alcance é global.

O incremento do consumo enerxético urbano está relacionado co incremento do poder adquisitivo que ten aumentado o equipamento de electrodomésticos nos fogares, a demanda de confort mediante a xeneralización do uso de calefacción e a extensión do ar acondicionado, o incremento do parque automobilístico e a proliferación da construción de vivendas unifamiliares espalladas nos arredores das cidades, menos eficientes enerxeticamente e dependentes dun uso masivo do vehículo privado.

Por unhas e outras razóns, a realidade é que as cidades e áreas urbanas de Galicia están moi por riba da media europea na utilización do automóbil privado para os desprazamentos diarios, o cal demostra a urxencia de poñer

en marcha políticas efectivas para modificar o actual sistema de transporte intermunicipal, de cara a unha menor conxestión de tráfico, a unha diminución do tempo medio diario dos desprazamentos, dunha maior eficiencia enerxética e para unha mellora da sostibilidade e da calidade de vida, polo que é este un dos mais importantes retos que ten neste momento a articulación territorial eficiente do sistema urbano.

Ademais da necesaria planificación sectorial enerxética e dos plans correspondentes ás distintas fontes de enerxía alternativa, a ordenación territorial e o planeamento urbano están en condicións de contribuír cun éxito destacado á redución das necesidades de consumo enerxético mediante medidas como a introdución de criterios de eficiencia enerxética na edificación, fontes alternativas nas edificacións e de redución da mobilidade e incremento da mobilidade sostible.

En consecuencia, pódense definir un obxectivos básicos en relación á enerxía:

- Fomentar un modelo territorial que promova a compactidade, minimize as necesidades de mobilidade, aproxime os distintos usos e en especial os servizos e os usuarios, dispoña unha rede de transporte público de calidade e promova e deseñe redes para modos de transporte alternativo. Todas estas actuacións contribuirían á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Integrar o concepto de eficiencia enerxética na organización das cidades, no deseño urbanístico, na edificación, nos sistemas de mobilidade e accesibilidade e na xestión urbana, tanto en sectores residenciais de nova construción como en tecidos urbanos preexistentes.
- Establecer no planeamento urbanístico un nivel mínimo de enerxías renovables e un determinado grao de autosuficiencia enerxética que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.
- Adaptar a morfoloxía urbana, as tipoloxías e o deseño dos espazos exteriores ás condicións bioclimáticas.
- Deseñar, onde resulte posible e de interese, estruturas urbanas compatibles con sistemas centralizados de calefacción.

1.5.4. O medio rural

Dentro do modelo territorial, o espazo rural ocupa a meirande parte da súa superficie e como tal representa un ámbito estratéxico para o desenvolvemento de calquera rexión. Isto é máis evidente no caso galego, onde a singularidade e relevancia do seu espazo rural o converte nun elemento diferencial fronte a outras rexións e polo tanto nun enorme potencial como vantaxe competitiva e polo de atracción para o conxunto de Galicia. Aínda así, estamos ante un espazo non carente de dificultades, de baixa densidade demográfica, envellecido, con carencias infraestruturais, problemas de accesibilidade e débil base produtiva. Pero estamos tamén ante unha área de enorme valor ecolóxico, paisaxístico, sustento material de múltiples recursos e referente da identidade cultural.

O espazo rural presenta una enorme diversidade paisaxística e funcional, resultante das diferenzas de base do medio natural e da secuencia histórica do aproveitamento que a sociedade levou a cabo sobre el. Esta ampla diversidade incrementa o seu valor ecolóxico e patrimonial, convertendo estas variables nun activo e nun recurso endógeno de interese estratéxico. Nos últimos anos, a relación de proximidade cos centros urbanos é o principal indicador das transformacións e das diferenzas tipolóxicas dentro do espazo rural.

Outra das características definitorias e singulares do rural galego é a súa alta densidade de ocupación, derivada dun sistema de asentamentos caracterizado por unha altísima dispersión. De feito, con máis de 30.000 entidades singulares de poboación, case o 50% do conxunto do Estado, presenta a máis alta humanización do territorio, se ben nas últimas décadas o despoamento ten sido moi intenso nun elevado número delas.

Cómpre realizar unha caracterización dos espazos rurais que permita identificar os problemas particulares e posibles solucións de cada contexto, partindo da tese de que resulta esencial garantir, por unha banda, unha oferta de actividades económicas que outorgue aos traballadores un nivel de rendas

axeitado; e por outra, un rango de infraestruturas, dotacións e servizos equiparable ao das contornas urbanas e accesible nun tempo razoable.

As estratexias de diversificación económica deberán fundamentarse no aproveitamento e valorización dos recursos endógenos. Entre elas figura a potenciación do sector primario como parte esencial del, para o que é preciso favorecer a mobilidade da terra cunha vocación produtiva primaria co fin de incrementar a súa rendibilidade, e a aposta por unha nova oferta de ocio rural variada e de calidade.

Para contribuir á materialización destas estratexias precísase unha política de ordenación transversal do espazo rural, no que actúen de forma coordinada e converxente as políticas de desenvolvemento rural, de protección, ordenación e xestión dos recursos naturais e da paisaxe, en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio.

1.5.5. As infraestruturas

As infraestruturas son un elemento clave tanto para a articulación interna como para as conexións exteriores de Galicia.

As novas autovías deben permitir aumentar a conectividade exterior de Galicia e promover unha maior integración interna entre os diferentes ámbitos do territorio.

A alta velocidade ferroviaria está desenvolvendo un papel esencial na articulación dos sistemas urbanos de Europa. No caso de Galicia é esencial conectala en alta velocidade con Madrid e, sobre todo, integrar o eixo de Portugal (Lisboa-Porto) co eixo galego ata Ferrol, vertebrando un verdadeiro Eixo Atlántico de infraestruturas de transporte. A conexión ferroviaria en alta velocidade de Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña e Ferrol, e a integración do corredor atlántico coas cidades de Lugo e Ourense, será un avance espectacular na creación dun sistema de cidades galego máis cohesionado e competitivo.

A localización e o deseño das estacións de alta velocidade ferroviaria e as súas contornas nas principais cidades galegas é un dos temas centrais do urbanismo destas cidades con implicacións no conxunto da rede. Poden crearse áreas de nova centralidade e espazos de intermodalidade para impulsar proxectos de renovación urbana de amplo alcance.

O sistema portuario ten tamén unha grande incidencia na articulación urbanística e na competitividade económica do territorio. É necesario planificar as infraestruturas portuarias con criterios, entre outros, de cooperación e complementariedade.

Os novos portos exteriores en Ferrol e A Coruña, ou as actuacións do porto de Vigo son operacións esenciais para a economía rexional e representan, ademais, excelentes oportunidades para repensar o deseño da relación destas cidades co mar, así como a definición do planeamento da súa área de influencia, procurando a integración territorial e urbanística nos novos desenvolvementos portuarios cos respectivos sistemas de actividade e co tecido urbano actual e futuro.

Galicia necesita un sistema aeroportuario eficaz. Os aeroportos de Santiago, Vigo e A Coruña son esenciais para conectar internacionalmente Galicia e para as Rexións e Áreas urbanas e conectalas co resto de comunidades do territorio español.

As infraestruturas de abastecemento e saneamento son básicas tamén no desenvolvemento urbanístico, xa que é imprescindible dispor de auga e poder captar, tratar, transportar e distribuír a auga potable para, posteriormente, recollela e transportala como auga residual, depurala e reutilizala ou devolvela ao medio receptor. É imprescindible planificar estas infraestruturas que, en moitos casos, terán un carácter supramunicipal, e definir modelos de xestión adecuados para elas que consideren a perspectiva do ciclo integral da auga e dos fluxos metabólicos urbanos.

Outras infraestruturas como as relacionadas coas telecomunicacións, a produción e distribución de enerxía, a xestión dos residuos, a dotación de solo



Ponte sobre río Miño en Ourense

empresarial e loxístico ou de diferentes equipamentos son pezas básicas para o fortalecemento da base produtiva de Galicia.

As infraestruturas de telecomunicacións son así mesmo ferramentas clave para o desenvolvemento produtivo e cultural de Galicia e para acadar a equilibrio territorial na nosa comunidade. É necesario planificar unha estratexia rexional que sirva de marco tanto ás iniciativas dos operadores privados de infraestruturas e servizos coma ao desenvolvemento de programas públicos, atendendo a criterios de equidade territorial e evitando a exclusión social e xeográfica nas oportunidades da súa utilización.



Monte da Groba. Concello de Baiona

1.5.6. O litoral

O litoral de Galicia constitúe un ámbito territorial singular caracterizado pola diversidade e o valor dos seus ecosistemas, paisaxes e valores culturais, e pola súa importancia socioeconómica. Nel concéntrase case a totalidade do dinamismo demográfico de Galicia, localízanse catro das sete cidades principais organizadas en dúas grandes Rexións urbanas, e atópanse numerosas comarcas cuxa densidade de poboación multiplica por máis de cinco a media galega. Debemos ter en conta que Galicia, cun litoral que presenta unha lonxitude de 2.555 km, incluíndo 432 km de illas, 464 de marismas e 1.659 de costa, aparece como a comunidade autónoma española coa fachada litoral máis extensa.

As Directrices, xunto co Plan de ordenación do litoral de Galicia constitúen o marco para unha xestión integrada deste espazo singular, englobando iniciativas estratéxicas para configuralo como un elemento de referencia do territorio galego, co obxectivo de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e revalorización das zonas costeiras.


Estas Directrices e o Plan de ordenación do litoral (POL), definido pola Lei 6/2007, do 11 de maio, fundaméntanse no concepto de desenvolvemento sostible que se incorpora plenamente nas políticas económica, ambiental e territorial, achegando un marco axeitado para ese uso racional dos recursos do territorio, favorecendo a optimización do seu aproveitamento, así como establecendo os criterios que garantan que o desenvolvemento das actividades produtivas e dos desenvolvementos urbanos non supoñan unha deterioración irreversible de tales recursos e das condicións ambientais.

O Plan de ordenación do litoral de Galicia persegue así as seguintes funcións integradas nos seus propios obxectivos:

- A concreción do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerando no seu conxunto o litoral, como unha entida-

de continua e única, dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido desde unha perspectiva integral, dentro da política de desenvolvemento sostible.

- A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
- A sinalización daqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais xustifiquen a súa conservación e protección.
- A protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.
- A fixación dos criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación dos usos do solo, dentro das distintas categorías de ordenación en relación ás distintas unidades paisaxísticas.
- A elaboración dunha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular e controlar os usos e actividades localizados no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais.
- O establecemento dun marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral.
- O logro dunha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as Administracións que interveñen sobre o litoral e a súa contorna terrestre (Administracións central, autonómica e local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor. O POL é un instrumento de desenvolvemento sostible para valorización coordinada da costa, que permita un gozo público dela sen degradar o medio.
- A constitución da base para a elaboración dun Programa coordinado de actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación e restauración do espazo costeiro.



Medio natural

Rede galega de
espazos protexidos



Río Arnoia. Allariz



Igrexa de Allariz


1.5.7. O medio natural

A integridade dos ecosistemas, unha contorna natural ben conservada e unha paisaxe valiosa que proporciona un ambiente atractivo e que transmite valores de calidade de vida e adecuación entre o home e a natureza son factores cada vez máis importantes para o desenvolvemento na nova sociedade do coñecemento. Para Galicia este factor debe constituír un dos apoios estratéxicos do seu futuro. Son moitos os espazos naturais e rurais que manteñen aínda un alto valor natural e unha elevada integración das súas actividades nunha paisaxe modelada ao longo de séculos. A vantaxe singular de Galicia neste sentido reside nalgúns factores específicos da Comunidade para os cales se establecen criterios que hai que considerar:

- A variedade de ambientes que inclúen espazos forestais, zonas húmidas, ámbitos fluviais, unha extensa costa, paisaxes agrarias de grande atractivo e espazos de media e alta montaña.
- A identificación de ámbitos que constitúen Áreas estratéxicas de conservación polos seus valores ambientais e que inclúen os espazos protexidos por unha ou outra figura e outros ámbitos que se considera necesario

preservar desde a perspectiva ambiental e territorial, para o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, a preservación da diversidade biolóxica, xenética, de poboación e de especies, e a preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, e da diversidade xeolóxica.

- A identificación de corredores que favorezan a conectividade e así a funcionalidade ecolóxica e a permeabilidade dos valores naturais do territorio.
- A protección dos ámbitos fluviais como elementos clave de biodiversidade e paisaxe establecendo ámbitos que faciliten a súa conservación, reduzan a incidencia das inundacións e riscos asociados e favorezan a configuración dunha rede de corredores ecolóxicos como ámbitos de conexión ambiental.
- A identificación dunha rede de áreas de interpretación da natureza e dun sistema de núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural que permitan dar un soporte ás demandas de lecer en contacto coa natureza sen xerar impactos non desexados e facilitando a súa contribución aos procesos de desenvolvemento rural, converténdose ademais en recursos de educación ambiental.
- O establecemento de criterios para a adecuación das actividades que se localizan no territorio á capacidade de acollida de cada espazo.



Ruta do Mar de Arousa e río Ulla



Sistema cultural

■ ■ ■ Camiño de Santiago

■ ■ ■ Ruta cultural da Ribeira Sacra

1.5.8. O patrimonio cultural

Os conxuntos históricos, os edificios e paisaxes de interese artístico, histórico ou cultural, o rico e variado patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, constitúe un dos seus sinais de identidade e un referente de calidade do territorio.

O Modelo territorial considera imprescindible incorporar estes elementos ás iniciativas de desenvolvemento de Galicia mediante propostas que recuperen e revaloricen os elementos patrimoniais facilitando a súa conservación, convertendo os conxuntos históricos en espazos atractivos e vitais de cidades e núcleos rurais e facendo do patrimonio un elemento de cohesión, atracción e desenvolvemento.

Nesta estratexia os Camiños de Santiago, xunto a outras rutas culturais como a Ribeira Sacra ou os Camiños da Arte Rupestre Prehistórica, proporcionan un tecido territorial de enorme valor que se prolonga en territorios veciños. Esta rede de percorridos integra centros históricos, vilas e cidades e o espectacular patrimonio disperso por toda Galicia que constitúe unha das fortalezas do territorio que se debe potenciar nunha grande oferta integrada.

1.5.9. A paisaxe

A potenciación dos valores naturais de Galicia, a conservación dos seus ecosistemas, elementos culturais e paisaxes deben ser estratexias clave que se deben ter en conta na planificación do territorio.

Galicia caracterízase pola súa diversidade xeográfica froito tanto da propia riqueza de ecosistemas como da actividade humana.

No territorio galego conviven formas do relevo, climas, formacións vexetais, solos e, consecuentemente, una marcada diversidade agraria e gandeira. O relevo, composto por serras, depresións tectónicas, chairas e vales fluviais de moi diverso deseño introduce un primeiro elemento de diferenciación entre unhas comarcas e outras. As transicións climáticas, enmarcadas nun clima atlántico, motivan a existencia de sectores nos que as precipitacións su-

peran os 2.000 mm de auga ao carón doutros que non acadan os 600 mm. A situación de Galicia a cabalo entre a rexión Eurosiberiana e a Mediterránea confírelle á nosa Comunidade unha gran riqueza de matices. A diversidade litolóxica e edáfica explica as marcadas diferenzas no uso do solo.

A interrelación entre un espazo xeográfico diverso e, consecuentemente, un uso diferencial dos recursos ao longo do tempo orixinou unha gran variedade de paisaxes naturais, dende as que dominan nas serras ou nas chairas e depresións ata as que existen nos vales fluviais ou no litoral, e con valiosas paisaxes culturais que reúnen un extraordinario valor, diversidade e atractivo ao ser o resultado das actividades humanas que recrearon o territorio integrando agricultura, gandería, silvicultura e asentamentos nun escenario que expresa unha longa tradición, sen esquecermos dos que xurdiron da primeira actividade industrial.

As paisaxes, con todo, non poden ser consideradas como entes estáticos, senón dinámicos xa que o seu grao de evolución mudou ao longo do tempo e ademais varía duns lugares a outros.

Considérase necesario identificar os elementos característicos das diferentes paisaxes co obxectivo de que se perpetúen no tempo. Será necesario elaborar os Catálogos das paisaxes das diferentes Áreas paisaxísticas co fin de telos presentes na planificación. O anterior supón coñecer os parámetros que rexen a construción das paisaxes: distribución no terreo dos diferentes elementos construtivos e de uso, localización, orientación e tipoloxías construtivas.

Cómpre establecer os criterios reitores en cada área respecto á paisaxe elaborados a partir da súa estruturación funcional, xunto con criterios e mecanismos para conservar, mellorar e valorizar a paisaxe como un activo fundamental do territorio de Galicia, especialmente naqueles elementos como os principais corredores de comunicación, as paisaxes urbanas e os procesos de cambio nas paisaxes rurais que maior incidencia teñen na percepción do territorio.


1.5.10. A proxección exterior de Galicia e o modelo territorial

Unha das claves de futuro do modelo territorial pasa, en gran medida, polo éxito nas iniciativas de integración co resto dos sistemas urbanos europeos e por iniciativas que lle permitan participar máis activamente no espazo global.

Lonxe de constituír unha restrición inevitable, a localización e os compoñentes de excelencia específicos de moitas rexións do Espazo atlántico convertéronse en factores de éxito amplamente recoñecidos. A experiencia recente demostra que territorios historicamente periféricos e con atrasos históricos poden, globalmente conectados, transformarse en ámbitos de elevada calidade de vida e líderes no desenvolvemento europeo.

A creación de redes de cidades, o fortalecemento dos espazos urbanos e a integración e cooperación entre territorios constitúe unha estratexia transcendental para espazos como Galicia que poden deste xeito desenvolver equipamentos e ofertas urbanas que pola súa dimensión ou complexidade só están agora ao alcance dos grandes centros metropolitanos. O desenvolvemento territorial integrado no seo de conxuntos urbanos próximos, especialmente nos ámbitos transfronteirizos, a cooperación en redes de cidades grandes e pequenas e a mellora das conexións entre as redes de nivel nacional/internacional e as de nivel rexional/local son opcións esenciais. Neste sentido, é prioritaria para Galicia a potenciación do Arco Atlántico como ámbito no que favorecer unha política marítima integrada e transnacional, que dinamice as actividades relacionadas co sector marítimo como a pesca, o transporte ou a seguridade marítima, ademais das enerxías renovables, o turismo, o medio, o urbanismo e a potenciación industrial mediante sinerxías compartidas, fomentando a concreción de redes e complementariedades entre centros tecnolóxicos, universidades e empresas da fachada atlántica europea. O traballo conxunto das rexións europeas que compoñen esta agrupación será fundamental para poder avanzar nos aspectos citados.

As iniciativas de desenvolvemento dunha sólida rede de alta velocidade ferroviaria integrada cun bo sistema de portos, aeroportos e autoestradas, e



Articulación do Espazo atlántico

por suposto, cunha potente infraestrutura dixital, vai permitir interactuar nun sistema europeo e internacional cada vez máis integrado e cohesionado.

Sen dúbida unha das orientacións fundamentais do Modelo territorial debe ser desenvolver as iniciativas territoriais que lle permitan a Galicia afianzar o seu protagonismo no contexto internacional e aumentar o seu potencial para participar nas dinámicas de desenvolvementos europeos e globais.


Para iso as Directrices expoñen as liñas de acción que se detallan a continuación e entre as que cómpre destacar a estratexia consolidada do ámbito de integración da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e a recente iniciativa da Macrorrexión Galicia-Castela e León-Norte de Portugal, para un novo sistema de cooperación interrexional que impulse unha Macrorrexión do Suroeste europeo.

A. A articulación co Norte de Portugal

O ámbito de integración con maior potencial e grao de consolidación é a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, acompañada do Eixo Atlántico do Noroeste peninsular como asociación dos principais núcleos urbanos de Galicia e do Norte de Portugal. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cunha superficie de 51.000 km² (maior que Dinamarca ou Suíza), aparece como unha das grandes oportunidades para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular cunha poboación de case 6.400.000 habitantes (máis que Irlanda, Noruega ou Dinamarca) concentrados nun sistema lineal de cidades ao longo da fachada atlántica.

Potenciar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal require actuar sobre o territorio creando condicións adecuadas para aproveitar as oportunidades de cooperación existentes. Para iso as DOT expoñen as seguintes iniciativas:

- Desenvolvemento das grandes infraestruturas de conexión entre os sistemas urbanos de ambos os lados da fronteira e, en particular, culminar a conexión Vigo-Porto mediante unha liña de alta velocidade.



Articulación co Norte de Portugal


- Fortalecemento e organización da rexión urbana en formación ao redor das rías de Vigo e Pontevedra. O obxectivo é lograr un importante ámbito de centralidade rexional no sur, que exerza un liderado sobre as zonas urbanas da súa contorna e facilite a continuidade das dinámicas de crecemento do litoral atlántico de Galicia e Portugal, consolidando o papel de Vigo como co-capital da Eurorrexión.
- Desenvolvemento de Plataformas loxísticas (como a de Salvaterra-As Neves —PLISAN—), o impulso do porto de Vigo como cabeceira dunha futura autoestrada do mar e a creación de parques empresariais e Centros tecnolóxicos e científicos como espazos que permitan fortalecer a investigación e a actividade económica.
- Potenciación do nodo urbano Valença-Tui como novo espazo de integración transfronteiriza que dea continuidade aos procesos de desenvolvemento ao longo da fachada atlántica.

- Fortalecemento da cidade de Ourense e da vila de Verín para configurar ámbitos de centralidade e cooperación cos espazos interiores do norte de Portugal (por exemplo, a iniciativa da eurocidade Chaves-Verín).
- Mellora das comunicacións entre as zonas interiores de Galicia e Portugal mediante iniciativas como a conexión por autovía Lugo-Ourense-Verín-Chaves e a súa prolongación co eixo do Douro cara a Bragança, ou a mellora das conexións a través da comarca da Limia con Celanova e Ourense.
- Ensañar fórmulas de transporte colectivo ou mobilidade sostible transfronteiriza.
- Dinamización do Camiño Portugués como percorrido de integración cultural e turística.
- Xestión conxunta do Corredor ecolóxico do Miño e dos parques do Xurés-Gêres como espazos de excelencia ambiental, así como de calquera espazo natural protexido transfronteirizo que se poida constituír no desenvolvemento das estratexias de conservación.

B. A articulación con Madrid e a Meseta

As relacións con Madrid e co centro peninsular son e seguirán sendo importantes para o desenvolvemento de Galicia. A través destas relacións Galicia accede a outros ámbitos dinámicos da Península Ibérica e conéctase cos servizos e oportunidades que representa Madrid como metrópole internacional.


Asemade, a recente iniciativa da Macrorrexión Galicia-Castela e Leon-Norte de Portugal, como novo ámbito de integración e cooperación interrexional, supón unha gran oportunidade para aumentar o protagonismo de Galicia nas relacións co Espazo Atlántico e co resto de Europa. Considérase así mesmo como o xerme da constitución da Macrorrexión do Suroeste europeo.



Articulación con Madrid e a Meseta

Para iso as Directrices expoñen as seguintes orientacións estratéxicas:

- A posta en servizo da liña de alta velocidade ferroviaria Madrid-Galicia. Dada a distancia desde Madrid ás Rexións urbanas e principais cidades de Galicia, é primordial que esta nova infraestrutura se conciba para prestar servizos que sexan competitivos en tempos e frecuencias con outros modos de transporte.
- A construción da autovía A-76, que permita dotar Galicia dun terceiro acceso central directo entre Castela-León e as cidades do Eixo Atlántico.
- Dinamizar o Sistema urbano intermedio, co reforzamento dun novo eixo de desenvolvemento central Santiago-Lalín, Chantada-Monforte-O Barco, configurando un ámbito de conexión co Bierzo e definindo un liderado urbano nos fráxiles espazos de montaña que comparten Galicia e Castela e León.



Articulación coa cornixa cantábrica

- Desenvolver estratexias para mellorar os espazos de alto valor natural das zonas máis orientais da Comunidade realizando iniciativas de xestión conxunta con Castela e León e con Asturias e fortalecendo os elementos do sistema rural capaces de aproveitar estes activos como elementos impulsores de novas actividades.
- Potenciar o Camiño de Santiago como gran eixe de integración cultural e urbana que debe servir de soporte para consolidar fluxos turísticos cara a Galicia.

C. A articulación coa cornixa cantábrica

A cornixa cantábrica constitúe o espazo fundamental para que Galicia se achegue aos espazos centrais de desenvolvemento europeo e conforma un ámbito no que os seus territorios presentan afinidades e problemas similares.

Para articular unha relación máis eficaz co ámbito cantábrico o Modelo territorial expón as seguintes iniciativas:

- Mellora das infraestruturas de comunicacións culminando en materia viaria a autovía do Cantábrico (A-8) e as vías de altas prestacións A Lavacolla (A-54)-Guitiriz (A-6), Ferrol-San Cibrao, San Cibrao-Barreiros e, por outra banda, desenvolvendo o AVE do Cantábrico.
- Potenciar o desenvolvemento da rexión urbana A Coruña-Ferrol como nodo urbano que participe das dinámicas dos espazos cantábricos e atlánticos. Neste sentido debe darse unha potenciación do sistema portuario A Coruña-Ferrol promovendo áreas loxísticas e empresariais no contorno dos respectivos portos exteriores, así como plataformas tecnolóxicas para facilitar a situación de empresas da nova economía. Así mesmo potenciarase a función do novo sistema portuario como un nodo atlántico no sistema marítimo internacional. Este esquema completárase coas infraestruturas de transporte necesarias (tren de proximidade, tren de alta velocidade, autovías e aeroporto) para a súa integración como vértice noratlántico no sistema de cidades do noroeste da Península Ibérica, achegando á súa vez un importante nodo de conexión para a inserción do Eixo Atlántico co eixo cantábrico. Deste modo, a Rexión urbana A Coruña-Ferrol podería constituírse como un polo metropolitano de equilibrio no suroeste de Europa.
- Estructurar e fortalecer os procesos de desenvolvemento no sistema de asentamento litoral da Mariña, impulsando o Sistema urbano intermedio para reducir a fractura existente entre a Área central asturiana e as principais rexións urbanas de Galicia.
- Desenvolver un nodo de dinamización turística ao redor da ría de Ribadeo no que participen Ribadeo e Castropol para configurar un centro urbano articulador de desenvolvemento do litoral galego e asturiano, de acordo coas disposicións directrices que se establezan no POL.



Torre de control marítimo. A Coruña

- Mellorar a funcionalidade da liña de Feve que percorre o litoral da Mariña como tren lixeiro da costa para converterse en elemento de integración supramunicipal do percorrido Ferrol-Viveiro-Ribadeo e cos espazos da costa asturiana.
- Fortalecer as infraestruturas de conexión do eixo Ribadeo-Lugo aumentando a accesibilidade á capital provincial como centro dinamizador das estratexias de desenvolvemento endógeno para a súa área de influencia provincial e para os ámbitos rurais próximos das comarcas do occidente asturiano e das montañas leonesas.
- Creación dun consorcio para xestionar a Reserva da biosfera das comarcas de Eo, Oscos e Terras de Burón e elaborar un Plan de desenvolvemento sostible da devandita reserva.
- Potenciar o Camiño primitivo de Santiago como eixo de integración cultural e urbana.

D. Proxección internacional e relación coas comunidades galegas no exterior

A proxección do novo modelo territorial de Galicia non debe conformarse só a través da súa relación con espazos limítrofes e, a partir deles, con Europa. Historicamente, e até hoxe, o mar e o continente americano foron o referente territorial máis importante de Galicia. Máis de medio millón de galegos viven nos diferentes países de América e este é un activo que debemos ter en conta para o futuro. Na nova etapa da globalización, as diásporas mostran un enorme potencial para xerar novos vínculos e oportunidades.

Desde a creación da Comunidade Europea é evidente o poder que teñen España e Portugal como plataforma para a cooperación de Europa e o mundo latinoamericano. O potencial de cooperación e intercambio é espectacular no ámbito económico, nas infraestruturas, universidades, arte, cultura, sanidade, educación, etc. O idioma e os vínculos culturais e

afectivos son determinantes. Non debemos esquecer que o himno de Galicia, a súa bandeira ou a Real Academia Galega naceron na emigración.

As cidades da Comunidade, e moi especialmente Santiago, Vigo e A Coruña pola súa dimensión cultural e universitaria, teñen unha das súas grandes oportunidades de inserción global nesta relación, desenvolvendo programas e proxectos orientados á cooperación entre o mundo europeo e o latinoamericano no que Galicia pode xogar un papel especialmente importante grazas aos vínculos das comunidades de emigración e inmigración.

Converter a presenza internacional das comunidades galegas en factores de desenvolvemento e fortalecemento rexional require iniciativas capaces de fortalecer a dimensión global dalgúns dos principais factores de excelencia do territorio:

- Consolidar os vínculos culturais e económicos coa diáspora galega como elemento clave de desenvolvemento e proxección exterior da Comunidade.
- Potenciar as grandes infraestruturas de conexión internacional da Comunidade, os principais portos e aeroportos, para reforzar o perfil do noso territorio como gran plataforma de conexión global da Eurorrexión desenvolvendo espazos loxísticos que fagan realidade esta potencialidade.
- Fortalecer as infraestruturas telemáticas e os servizos avanzados de telecomunicación como elemento básico de integración global e de impulso á innovación no territorio.
- Fomentar actividades e manifestacións culturais, ampliar o perfil docente e investigador das universidades galegas e revalorizar o importante patrimonio do noso territorio para desenvolver unha posición de liderado da Comunidade como gran centro cultural e educativo de excelencia capaz de proxectarse internacionalmente cara aos países iberoamericanos.
- Incrementar a capacidade de atracción do noso territorio a través da revalorización da paisaxe, da costa, do patrimonio cultural e natural e de accións de renovación urbana.